



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 2 de xullo de 2020(840/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dous de xullo de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa de Aseoramento, Sra. García Álvarez, por ausencia da titular da Asesoría Xurídica.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(502).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(503).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN PROTOCOLARIA PARA A CELEBRACIÓN DE ACTOS E RECEPCIÓNS CELEBRADOS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18030/101.**

Visto o informe xurídico do 16/06/2020 e o informe de fiscalización do 23/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/06/2020, asinado pola xefa administrativa da Alcaldía, e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES**

En base as consideracións que se contén o informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado o 15 de maio de 2020 pola xefa da unidades administrativa da Alcaldía e máis pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal en dispón que se inicie expediente administrativo a prestación do servizo servizo de

organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo concello de Vigo.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello.
- b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Lei 35/1994, de 23 de decembro, de modificación do Código Civil en materia de autorización do matrimonio civil polos alcaldes, no art. 51.1. do Código Civil establece que será competente para autorizar o matrimonio: O xuíz de paz ou alcalde do municipio onde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue....”

A Alcaldía, ocúpase da organización das vodas e acollementos civís que se realizan en dependencias municipais por tratarse de actos institucionais, en concreto, por delegación de data 26.06.2019, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía con data 15 de maio e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 15 de maio de 2020.
- Memoria económica, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía con data 25 de maio e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal na mesma data.
- Memoria xustificativa do contrato de data 9 de xuño 2020 asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal da mesma data.
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 9 de xuño de 2020 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 10 de xuño de 2020.
- Documentos económicos números: RC 30903 e RC fut 30904.

## **II.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO**

### **II.1.- Obxecto e natureza do contrato**

O obxecto do contrato é a prestación do servizo servizo de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo concello de Vigo.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como contrato de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (no sucesivo, LCSP).



## Concello de Vigo

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover a educación e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

### II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto (na necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade do procedemento) e simplificado (artigo 159 LCSP), xustificándose no valor estimado do contrato (inferior a 100.000 euros).

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

O prezo do contrato ascende á cantidade máxima de TRINTA Y SETE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E DOUS CON CORENTA E NOVE (37.352,49€), sendo o importe correspondente ao IVE de SEIS MIL CATROCENTOS OITENTA E DOUS CON SESENTA Y SEIS (6.482,66 €€).

O importe anual de licitación será o seguinte:

**Con IVE: 37.352,49 €**

**Sen IVE: 30.869,83 € €**

**Anualidades con ive:**

- **ano 2020: 18.676,25 €**
- **ano 2021: 18.676,24 €**

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP ascende a **61.739,66 €**.

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) do vixente orzamento da Alcaldía ou súa bolsa de vinculación, sen que isto afecto ao seu normal funcionamento.

### II.5 Revisión de prezos

Tendo en conta as características dos servizos obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

#### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

#### II.7.- Subcontratación

A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 da Lei de contratos do Sector Público.

Non se fixan tarefas críticas.

#### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

1.- O prazo de execución é de 1 ano mais unha prórroga.

2.- O cómputo do prazo iniciarase o 1 de xullo de 2020.

O contrato poderá prorrogarse de forma automática nas mesmas condicións por o mesmo período de tempo que o contrato inicial. En consecuencia, a duración máxima do contrato será de vinte e catro (24) meses. En calquera caso, a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

#### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

#### II.10.- Responsable do Contrato

O responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

#### II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

#### II.12.- Condicións especiais de execución:

De tipo social: Establecer medidas que fomenten a igualdade no traballo e a conciliación do traballo e a vida familiar entre o seu persoal.

#### II.13.- Solvencia



## Concello de Vigo

- - Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- - Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

### III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento aberto e simplificado consonte ao disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, para o contrato de prestación do servizo de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo concello de Vigo.

**Segundo.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 9 de xuño de 2020.

**Terceiro.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 10 de xuño de 2020.

**Cuarto.-** Aprobar el gasto por importe de TRINTA Y SETE MIL TRESCIENTOS CINCUENTA E DOUS CON CORENTA E NOVE (37.352,49€), sendo o importe correspondente ao IVE de SEIS MIL CATROCIENTOS OITENTA E DOUS CON SESENTA Y SEIS (6.482,66 €€). A cantidade de 18.676,25 € imputarase ao vixente presuposto de 2020, e o importe de 18.676,24 ao orzamento de 2021.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) ou a bolsa de vinculación do orzamento da Alcaldía

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento aberto simplificado.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(504).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN N.º 6/2020). EXPTE. 12862/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 25/06/2020, asinado polo letrado xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Relación XGL n.º 6/2020

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 9699/111

Sentenza do 19 de maio de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Ordinario: 15219/2016

Demandante/Recorrente: APV

Obxecto: liquidación taxas tuneis de Beiramar.

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso Administrativo, Secc 2ª.

Casación 2829/2017

Sentenza nº 484 do 19 de maio de 2020

Resolve o recurso de casación contra a sentenza nº 164/2017 (e a liquidación tributaria) e fixa os criterios aplicables para resolver o fondo da cuestión.

Os departamentos de Tesourería-Recadación, Intervención-Ingresos,e Patrimonio, deben coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 9735/111

Sentenza nº 486 do 19 de maio de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Ordinario: 15259/2016

Demandante/Recorrente: APV

Obxecto: liquidación taxas tuneis de Beiramar 1º semestre 2013

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso Administrativo, Secc 2ª.

Casación 2822/2017

Sentenza nº 486 do 19 de maio de 2020

Resolve o noso recurso de casación contra a sentenza 166/2017 (e a liquidación tributaria) e fixa os criterios aplicables para resolver o fondo da cuestión.

Os departamentos de Tesourería-Recadación, Intervención-Ingresos,e Patrimonio, deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 10314/111

Sentenza nº 480 do 18 de maio de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo,



## Concello de Vigo

Ordinario: 290/2016

Demandante: ANGED

Obxecto: resolución Consellería Economía, Emprego e Industria pola que se aproba proposta motivada do Concello de Vigo como zona de grande afluencia turística.

Rexeita o recurso de casación promovido pola demandante contra a sentenza de instancia, fixando criterios interpretativos sobre as dúas cuestións de interese casacional sinaladas no auto de admisión do recurso.

O departamento de Comercio debe coñecer o resolto.

Sentenza de orixe nº 380 do 19/09/2018 comunicada na sesión da XGL do 29/11/2018

4.- Contencioso. Expediente nº 11500/111

Sentenza nº 99 do 30 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 213/2018

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: acordo da XGL do 27/03/2018 concesión para a construción e posterior explotación dos aparcadoiros soterrados da Avda de Castelao e rúa Jenaro de la Fuente

Expte(s): 636-449

Contía: 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima os recursos e anula o acto recorrido, con custas de oficio taxadas.

Remítese ao xa resolto na sentenza ditada no P.O. 328/2017 e a considera que a "extensión" do acordo da X.G.L. do 06/08/2007 á empresa instrumental (Cocheras) a convirte en (única) concesionaria (en substitución da matriz adxudicataria -Puentes-) co que a declaración do comezo e inicio da fase de liquidación da concesionaria impide a adopción de acordos pola administración contratante como os impugnados.

O entrecruzamento de dereitos: contratación administrativa e concursal opera en contra do exercicio das facultades municipais.

Os departamentos de Transportes e Contratación deben coñecer o resolto e emitir (con urxencia) informe sobre a procedencia de apelar.

5.- Contencioso. Expediente nº 11637/111

Sentenza nº 109 do 2 de xuño de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 281/2018

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: acto tácito do Concello de Vigo de colocación de cartel na rúa Manuel de Cominges sobre pavillón polideportivo de Matamá

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso en canto considera que houbo unha vía de feito ao colocar o cartel (sen resolución administrativa previa), desestimando todas as demais pretensións da demanda (declarativas, de publicidade, de custas)

Os departamentos de Fomento, Deportes e Comunicación deben coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 11714/111  
Sentenza nº 108 do 2 de xuño de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 290/2018  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: resolución do 16 de novembro de 2017  
Expte(s): 30144-220

Esta sentenza que non é firme, desestima o recurso  
O departamento de Persoal (e o Grupo de Valoración para a aplicación do protocolo de acoso) debe coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 11992/111  
Sentenza nº 231 do 20 de maio de 2020 e Auto do 15 de xuño de 2020 (que completa a sentenza)  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4  
Ordinario: 15114/2019  
Demandante/Recorrente: Outra Administración  
Obxecto: ordenanza fiscal do Concello de Vigo reguladora do imposto sobre o IBI para o exercicio do 2019 publicada no BOP de Pontevedra o 07/12/2018.  
Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso contra a norma tributaria municipal.  
O Departamento de Ingresos debe coñecer o resolto.

Auto de Complemento de Sentenza do 15 de xuño de 2020 (215.2º e 3º LAC, 267.4º a 6º LOPX)  
Solicitou a administración demandante que se completara a sentenza pola omisión do pronunciamento sobre a aplicación do art. 129.5 da L.39/2015 (principio de transparencia no procedemento de elaboración normativa) e o Tribunal atende tal solicitude transcribindo un fundamento contido na sentenza antecedente (14/02/2020) e conexas, e outra da STS do 26/06/2018 (casación 1689/2017) en relación coa natureza xurídica da exención da que se trata.  
Engádeselle á sentenza un FD novo (6º) e mantense o pronunciamento desestimatorio.

8.- Contencioso. Expediente nº 12188/111  
Sentenza nº 202 do 17 de xuño de 2020  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Recurso de apelación: 336/2019  
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo  
Obxecto: acordo de aprobación definitiva da modificación puntual da RPT, (publicada o 08/02/2018 no BOP) que desestima a alegación presentada polo recorrente.  
Expte(s): 30627-220

Resolve a apelación municipal, estimándoa e desestimando o recurso.  
O departamento de Persoal (RRHH) e o de Patrimonio Histórico deben coñecer o resolto.





## Concello de Vigo

RCA Orixe 155/2018 PA. Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 Vigo, sentenza do 29/05/2019 que declaraba a aplicación do CD 22 e CE 88, con efectos desde o 01/01/2017, con custas (comunicada na Xunta de Goberno Local do 18/07/2019)

9.- Contencioso. Expediente nº 12286/111

Sentenza nº 110 do 2 de xuño de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 252/2019

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: resolución do 26/06/2019 da Consellería de Sanidade, desestimatoria do recurso de alzada formulado contra outra ditada no expediente sancionador en materia sanitaria (potabilidade da auga)

Expte(s): 27-441

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso, e anula a sanción por non ter acreditado a infracción apreciada (o xulgador "non...comparte a convicción da administración demandada de que o Concello de Vigo eludiu a súa responsabilidade do control sobre a concesionaria") O departamento de Fomento, o Laboratorio municipal e o responsable do contrato de augas (ao igual que a concesionaria) deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12329/111

Sentenza nº 100 do 30 de abril de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 275/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/08/19, resolución do contrato de concesión servizo público dos aparcadoiros soterrados das rúas Jenaro de la Fuente e Avda. de Castelao

Expte(s): 6258-241

Contía: (Indeterminada)

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e anula o acto recorrido.

O departamento de Contratación debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e as bases da apelación do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 12402/111

Sentenza nº 102 do 15 de maio de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7004/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 15/11/2018, ditada pola comisión de falta moi grave pola prestación irregular do servizo.

Expte(s): 9842/446 - 9802/446

Contía: 170.578,38 €

Estima o recurso de apelación da demandante, revoga a sentenza de instancia e estima a demanda, anulando o acto administrativo municipal recorrido.

Os departamentos de Contratación e Parques e Xardíns deben coñecer o resolto e informar, con urxencia, en caso de que entendan procedente interpoñer recurso de casación.

RCA de orixe P.O. 41/2019 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, sentenza nº 239 do 01/10/2019 comunicada na sesión da XGL do 17/10/2019.

12.- Contencioso. Expediente nº 12405/111

Sentenza nº 195 do 7 de maio de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Recurso de apelación: 15032/2019

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: resolución do TEA do Concello de Vigo de data 25/02/2019 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada contra a desestimación do recurso de reposición presentado contra providencia de constrinximento do imposto sobre bens inmobles do ano 2018.

Expte(s): 4830-550

Contía: 91.096,70 €

Resolve a apelación da demandante contra a sentenza de instancia, rexeitándoa, con custas de oficio.

En varios recursos antecedentes a TXSS intentou interpoñer casación, o que foi inadmitido polo T.S.

A Dirección de Ingresos-IBI, a Inspección de Tributos e o TEAC deben coñecer o resolto.

RCA orixe 121/2019 PO Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, sentenza nº 251 do 09/10/2019 (comunicada na sesión da XGL do 07/11/2019)

13.- Civil. Expediente nº 12422/111

Sentenza nº 262 do 12 de xuño de 2020

Audiencia Provincial Civil-Penal, Sección nº 6 de Pontevedra

Recurso de apelación: 827/2019

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: declaración das parcelas 84 e 90 do Polígono 17 coma parte integrante e inseparable do Monte Vecinal "MADROA" da Parroquia de Teis

Expte(s): 68747-421

Contía: (Indeterminada)

Rexeita o recurso de apelación do actor e impónlle as custas.

Procedemento Orixe: PO 468/2017, Xulgado 1ª Instancia nº 13 Vigo, sentenza nº 213 do 30/09/2019 comunicada na sesión da XGL do 24/10/2019

14.- Contencioso. Expediente nº 12432/111

Decreto do 12 de marzo de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4026/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución da XMU de 23/04/2019 desaloxamento da vivenda de titularidade municipal.



## Concello de Vigo

Acepta o desistimento da demandante contra o Auto de medidas cautelares ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no seo do procedemento RCA 266/2019 P.O.

15.- Civil. Expediente nº 12456/111

Sentenza nº 224 do 4 de xuño de 2020

Audiencia Provincial Civil-Penal, Sección nº 6 de Pontevedra

Recurso de apelación: 877/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: exercicio acción deslindamento do artigo 384 do Código Civil, aplicando as normas establecidas nos artigos 385-386 e 387 do mesmo corpo legal, acumulando esta acción á acción reivindicatoria do artigo 348, de xeito que a acción de deslinde é previa a acción reivindicatoria.

Expte(s): 592/2018

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso de apelación da parte actora contra a sentenza de instancia, con custas de oficio.

O departamento de Patrimonio e a XMU deben coñecer o resolto.

RCA orixe PO 592/2018 Xulgado de Primeira Instancia nº 10 de Vigo, sentenza nº 205 do 08/10/2019, desestimatoria, (comunicada na X.G.L do 24/10/2019)

16.- Contencioso. Expediente nº 12631/111

Auto nº 31 do 23 de xuño de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 18/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo accidente de circulación sufrido na rúa Marqués de Valterra.

Expte(s): 5862/243

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual (resolución expresa do 20/01/2020).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 12657/111

Auto nº 26 do 13 de marzo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 33/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: liquidación correspondente á taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, correspondente á entrada de carruaxes á estación de ADIF denominada Guixar, situada na rúa do Areal, 2.

Expte(s): 4972/550

Declara rematado o procedemento (por satisfacción extraprocesual: devolución de ingresos indebidos conforme ao resolto en recursos conexos)

A dirección de Ingresos-Inspección de Tributos debe coñecer o resolto.

18.- Contencioso. Expediente nº 12662/111

Auto nº 29 do 14 de maio de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 36/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución desestimatoria da reclamación económico administrativa e contra liquidación correspondente á taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, correspondente á entrada de carruaxes á estación de ADIF de Urzáiz.

Expte(s): 4973/550

Declara rematado o procedemento polo recoñecemento (o 03/03/2020: con devolución de ingresos indebidos) do pretendido en vía administrativa polo Concello (conforme ao resolto nun procedemento conexo anterior).

A Dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso destea administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos



## Concello de Vigo

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(505).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 197921/301.**

Visto o informe xurídico do 25/06/2020 e o informe de fiscalización do 29/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/06/2020, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Área, pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 07.04.2020 a Concelleira delegada de Política de Benestar Social acordou iniciar o procedemento de contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), encomendándolle a tramitación do expediente ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería, en coordinación co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado polo Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira delegada o 07.04.2020.
- Prego de Prescricións Técnicas (PPT) asinado o 15.04.2020 pola Xefa do Servizo e o Xefe de Área de Benestar Social.
- Anexo coa relación de persoal subrogable adscrito ó SAF, asinada polo actual contratista (CLECE, S.A.) con data 27.01.2020.
- Memoria Xustificativa para a contratación do servizo, asinada o 16.04.2020 polo Xefe de Área e a Concelleira delegada (trámite nº 49).
- Declaración do redactor do PPT (Xefe de Área), asinado o 15.05.2020.
- Documentos económicos (RC 36527 e RCFUT 36528), asinados polo responsable da Contabilidade municipal, de data 11.06.2020.
- Informe da TAX do Servizo de contratación do 12.06.2020 sobre comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento aberto, asinado pola TAX e a Xefa do servizo de Contratación o 12.06.2020.

### I. NORMATIVA RELACIONADA

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20.01.2012).
- Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar (DOG nº 22 do 02.02.2009).
- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30.03.2012).
- Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Vigo (BOP nº 14 do 22.01.2010).
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Vigo.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. INFORME

III.1.O obxecto deste contrato é a contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que ten por finalidade prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu contorno habitual, especialmente naquelas situacións en



## Concello de Vigo

que teñan limitada a súa autonomía ou outras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

A regulación específica deste Servizo estableceuse, con carácter xeral para a CA de Galicia, na Orde do 22 de xaneiro de 2009, da *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar* (DOG nº 22 do 02.02.2009) e, no ámbito do Concello de Vigo, no vixente Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, aprobado polo Pleno da Corporación o 28.09.2009 (BOP nº 14 do 22.01.2010).

III.2. Dacordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos/as respectivos/as concelleiros/as de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e do 26.06.2019, de delegación de competencias (2019-2023) nos/as concelleiros/as delegados/as de Área e do Acordo da XGL do 20.06.2019, polo que se delega nos/ concelleiros/as de Área, entre outras, a competencia para iniciar os expedientes de contratación na súas respectivas áreas competenciais (Apdo. Segundo, pto. 6). A Concelleira da Área de Política de Benestar Social, en Resolución do 07.04.2020, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.3. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da TAX dese Servizo de data 12.06.2020 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.4. Tendo en conta a súa contía (7.729.830,99 €/ano, IVE incl.), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto (tramitación ordinaria), suxeito a regulación harmonizada (Art. 22 LCSP).

III.5. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que, ademais de incorporar ó expediente o/s certificado/s de existencia de crédito, deberá ser obxecto, antes da súa aprobación, de fiscalización previa por parte da Intervención xeral municipal.

III.6. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

### IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

## «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 4), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 24) con Anexo de persoal (trámite n.º 34), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 73), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 59 e 61) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (7.729.830,99 €/ano, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 dos orzamentos municipais (“*Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)*”) e á súa bolsa de vinculación, dacordo coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2020: 1.567.143,81 €
- Ano 2021: 7.729.830,99 €
- Ano 2022: 7.729.830,99 €
- Ano 2023: 6.162.687,18 €

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(506).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO” (FSG) PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE ATENCIÓNS ÁS FAMILIAS E UNIDADES DE CONVIVENCIA (LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA”- ANOS 2020-2021. EXPTE. 199573/301.**

Visto o informe xurídico do 19/06/2020 e o informe de fiscalización do 23/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 19/06/2020, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe da Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. INFORME

I.1. A “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) é unha organización privada de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, que ten como fin a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural constituída formalmente como “Fundación Secretariado General Gitano” en 2001, inscrita no *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales – Subdirección general de Fundaciones y entidades tuteladas* co nº 28-1223 o 28.12.2001.





## Concello de Vigo

I.2. A FSG consta inscrita no RUEPSS co nº E-1729 e clasificada como entidade de iniciativa social, figurando tamén inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 804-02.

A súa misión está orientada á promoción e ó cambio social para permitir o acceso das persoas xitanas ós dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións có resto da cidadanía.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, a FSG ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio á inclusión social e laboral do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade.

I.3. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para o desenvolvemento do “PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS E UNIDADES DE CONVIVENCIA (LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA)” - ANOS 2020-2021».

I.4. Trátase de poñer en marcha un servizo de atención básica ás persoas e familias xitanas en situación de pobreza grave e socialmente desfavorecidas, co fin de posibilitar a súa inclusión social activa desde un enfoque integrado, tendo en conta as necesidades que presentan e acompañándoas no acceso ós recursos e servizos, tanto internos como externos, que poidan respostar ás súas dificultades e garantir os seus dereitos fundamentais, favorecendo a inclusión activa a través do emprego.

I.5. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.6. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán*

*exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

I.7. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de dous (2) anos (2020 e 2021), dacordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».*

I.8. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2020 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.480.00.07 – *Fundación Secretariado Xitano*, por un importe de 16.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A subvención prevista para o exercicio de 2021 (16.000€) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

I.9. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para os exercicios de 2020 e 2021.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN entre a o Concello de Vigo (Concellería de Política de Benestar Social) e a “Fundación Secretariado Gitano” (FSG), CIF nº G-83117374, para a execución do “PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS E UNIDADES DE CONVIVENCIA (LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA)” - ANOS 2020-2021.



## Concello de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 32.000€, a razón de 16.000€/ano, con cargo, no exercicio de 2020, á aplicación nº 2310.480.00.07 – *Fundación Secretariado Xitano* do orzamento vixente. A achega correspondente a futuros exercicios (2021) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS E UNIDADES DE CONVIVENCIA (LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA)” - ANOS 2020-2021».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. Eva Vero Ledo, con DNI nº 34.267.745-E, representante legal en Galicia da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG), CIF nº G-83117374, con domicilio social na rúa Ahijones, s/n de Madrid (CP 28018) e enderezo para os efectos de notificación na rúa Burgos nº 9 de Vigo (CP 36205).

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, dacordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D<sup>a</sup>. Eva Vero Ledo, actuando en representación da FSG, segundo así resulta dos estatutos da Fundación e da documentación achegada ó Exp. nº 199571/301 (2020), asegurando a comparecente a vixencia da mesma e que as facultades conferidas na escritura pública

outorgada o 25.04.2029 perante a notaria de León Sra. Vázquez Arias, co nº 580 do seu protocolo, non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

## EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Secretariado Gitano” é unha organización privada de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, que ten como fin a promoción integral da comunidade xitana desde o recoñecemento e apoio á súa identidade cultural constituída formalmente como “Fundación Secretariado General Gitano” en 2001, inscrita no *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales – Subdirección general de Fundaciones y entidades tuteladas* co nº 28-1223 o 28.12.2001.

A FSG consta inscrita no RUEPSS co nº E-1729 e clasificada como entidade de iniciativa social, figurando tamén inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 804-02.

II. Que a súa misión está orientada á promoción e ó cambio social para permitir o acceso das persoas xitanas ós dereitos, servizos, bens e recursos sociais en igualdade de condicións có resto da cidadanía.

Para o cumprimento deses fins e de acordo cos seus Estatutos, a FSG ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio á inclusión social e laboral do colectivo de persoas xitanas na nosa cidade.

III.- Que a Concellería de Política de Benestar Social é coñecedora da problemática específica que presenta este colectivo para acadar a súa plena integración socio-laboral e da necesidade de seguir apoiando desde o Concello a execución daqueles proxectos que incidan positivamente na comunidade xitana.

IV.- Que dacordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).



## Concello de Vigo

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribida que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2020 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

## ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) para a execución do “PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS E UNIDADES DE CONVIVENCIA (LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA)” - ANOS 2020-2021».

SEGUNDA.- Para estes efectos, a FSG comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social no desenvolvemento dos servizos e actividades incluídas nese Programa, d'accordo cos obxectivos e previsións que figuran na proposta presentada pola Fundación e que consta no expediente de referencia.

TERCEIRA.- A “Fundación Secretariado Gitano” comprométese, especificamente, a:

–Poñer en marcha un servizo de atención básica ás persoas e familias xitanas en situación de pobreza grave e socialmente desfavorecidas, co fin de posibilitar a súa inclusión social activa desde un enfoque integrado, tendo en conta as necesidades que presentan e acompañándoas no acceso ós recursos e servizos, tanto internos como externos, que poidan responder ás súas dificultades e garantir os seus dereitos fundamentais, favorecendo a inclusión activa a través do emprego.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria, de protección de datos de carácter persoal e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento dos servizos e as actividades previstas e aboar as taxas, impostos e demais gastos que poidan derivarse da súa execución.

–Presentar nos prazos que establece o Convenio as Memorias xustificativa e económica e a demais documentación requirida.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A FSG poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Fundación Secretariado Gitano” (FSG) unha subvención para cada un dos exercicios de 2020 e 2021 por importe de 16.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 32.000€. O gasto de 2020 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – *Fundación Secretariado Xitano*. A achega correspondente a futuros exercicios (2021) estará condicionada ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento municipal.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con



## Concello de Vigo

vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2020, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2021, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos dous exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2020-2021).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de dous (2) anos (2020 – 2021), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da FSG e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos dous exercicios (2020 e 2021) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.





## Concello de Vigo

2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas, solicitará do servizo de Contabilidade o levantamento das ordes de pagamento e das facturas, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser

debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos



## Concello de Vigo

de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

### **6(507).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CARTELERÍA INFORMATIVA COVID-19 EN PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES E PISTAS DEPORTIVAS, POR TRAMITACIÓN DE MERXENCIA. EXPTE. 48303/446.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 26 de xuño de 2020, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, elabora unha memoria xustificando a necesidade deste contrato e indicando as características do mesmo.

A memoria xustifica, así mesmo, a elección do contratista, a empresa Corporación de Comunicaciones, S.L. (CIF: B-36.700.201).

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é o subministro e instalación da cartelería informativa fronte ao Covid-19 para os parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo.
- Os prezos unitarios (sen iva) son de:
  - Subministro e colocación de cartel de parque infantil e área biosaudable: 113,32€
  - Subministro e colocación de cartel de pista deportiva: 9,72 €
  - Subministro de pegatiña xogos: 0,26 €
  - Pack vixilante: 35 €
- O prezo de adjudicación é de 34.557.00 € IVE incluído.
- O prazo de execución comezará de ó día seguinte á notificación do acordo de adjudicación ó contratista, e rematará necesariamente cando finalicen as medidas adoptadas polo órgano competente con motivo da crise xerada polo COVID-19 ou



## Concello de Vigo

ata que as condicións da emerxencia sanitaria conclúan ou cando se esgote o presuposto máximo de licitación.

- Os carteis deberán instalarse no prazo de 10 días a contar dende a data de adjudicación do presente contrato, na totalidade dos parques infantís (142 áreas), áreas biosaudables (68 áreas) e pistas deportivas (95 unidades) do Concello de Vigo.
- Dotarase de equipamento ao persoal que realiza as tarefas de desinfección e control de aforo nos parques fronte ao Covid-19 (26 equipamentos formados por viseira serigrafiada, chaleco reflectante serigrafiado con anagramas e lendas identificativos do servizo a prestar e un par de vinilos inmantados A4 para os vehículos).
- As características xerais dos materiais a subministrar e instalar son:
  - 230 unidades de carteis para parques infantís e áreas biosaudables: Deseño e impresión sobre polipropileno liso de 5mm de espesor. Composto por unha estrutura interior de burbullas e dúas sólidas capas moi lisas exteriores de polipropileno lixeiro pero resistente, ideal para uso en exterior á intemperie. Impreso polas dúas caras a toda cor. Corte dixital recto. Protección para intemperie e raios UV. Medidas aproximadas de 420 x 594 mm. Con 3 oxales metálicos en tres das catro esquinas para a súa posterior sustentación. Este cartel instalarase sobre estrutura tipo bandeirola (L invertida) de diámetro 35 de aceiro inox AISI 304 plegado, con pestañas para atornillar sobre varanda existente nas entradas dos parques infantís. Inclúese unha porcentaxe de carteis un pouco superior respecto aos parques existentes para abordar parques con dobre entrada e calquera acto de vandalismo producido sobre os mesmos.
  - 95 unidades de carteis para pistas deportivas: Deseño e impresión sobre polipropileno liso de 5mm de espesor. Composto por unha estrutura interior de burbullas e dúas sólidas capas moi lisas exteriores de polipropileno. Lixeiro pero resistente, ideal para uso en exterior á intemperie. Impreso polas dúas caras a toda cor. Corte dixital recto. Protección para intemperie e raios UV. Medidas aproximadas de 420 x 594 mm. Con 4 oxales metálicos nas catro esquinas para a súa posterior sustentación mediante bridas plásticas. Dito cartel será instalado sobre o pechamento propio das pistas próximo ás entradas. Inclúese unha porcentaxe un pouco superior de carteis respecto as pistas existentes para abordar calqueira acto de vandalismo producido sobre os mesmos.
  - 2.680 unidades de pegatiñas autoadhesivas para indicar a distancia interpersonal na totalidade dos xogos: Deseño e Impresión sobre vinilo especial con alta adherencia para aplicar sobre superficies difíciles. Protección para intemperie e raios UV. Medidas de 10x10cm. Corte dixital recto.
  - 25 packs identificativos para o persoal de desinfección e control de aforos, compostos por Viseira serigrafiada con logo Concello e texto Control de Parques, chaleco reflectante serigrafiado na súa espalda con Logo Concello e texto Control de Parques e 2 vinilos imantados tamaño A4 para laterales de vehículo do persoal de control.
- Unha vez validado o deseño e materiais da cartelería e das pegatiñas autoadhesivas, entregarase unha mostra por cada tipo en tamaño e formato final, previa a confección de todo o pedido do subministro.
- O subministro farase atendendo aos pedidos parciais que estarán determinados polas necesidades do servizo, ata a cantidade de unidades totais que sume o importe

do contrato. Poderase variar a cantidade das diferentes tipoloxías segundo as necesidades do servizo.

- Non poderán transcorrer mais de dous días entre a formalización do pedido e a súa entrega e instalación.
- Os pedidos virán totalmente paletizados e embalados en caixas de cartón garantindo a total protección do material no seu transporte e almacenaxe, antes da súa posterior instalación.
- A forma de pago será mediante a presentación de facturas mensuais nas que se acreditarán o número de elementos subministrados nese período.
- Dada a natureza das prestacións obxecto do mesmo non é necesario fixar prazo de garantía.
- O responsable do Contrato será a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns”.

**Terceiro.-** O licitador seleccionado, Corporación de Comunicaciones, S.L. (CIF: B-36.700.201) declara que ten aptitude para contratar.

**Cuarto.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.

**Quinto.-** En data 29 de xuño, a Secretaria de Administración municipal, informa favorablemente a presente contratación.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramítaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.



## Concello de Vigo

A tramitación de emerxencia caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

Entre as competencias que poden asumir os municipios atópase prestar servizos relativos á promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre dos cidadáns (artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA).

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ao coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal. Informa o servizo xestor que:

*“A necesidade do presente contrato é o subministro e instalación de cartelería informativa coas medidas de protección fronte ao Covid-19 para o uso e disfrute dos parques infantís, áreas biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre no Concello de Vigo.*

*Ten carácter de emerxencia para dar cumprimento as medidas de prevención en materia da reapertura dos parques infantís, áreas biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre conforme á “RESOLUCIÓN de 12 de junio de 2020, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Sanidad, por la que se da publicidad del Acuerdo del Consello de la Xunta, de 12 de junio de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para hacer*

frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, una vez superada la fase III del Plan para la transición hacia una nueva normalidad”, en tanto en tanto estea vixente a declaración de emerxencia sanitaria de interese galego acordada polo Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020.

No apartado 3.32 do anexo sobre medidas de prevención a aplicar en parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre recollido na resolución de 12 de xuño, establécese:

*“1. Los parques infantiles, parques biosaludables, zonas deportivas, pistas skate o espacios de uso público al aire libre similares podrán estar abiertos al público siempre que en los mismos se respete un aforo máximo estimado de una persona por cada cuatro metros cuadrados de espacio computable de superficie del recinto.*

*2. Deberán establecerse las medidas necesarias para mantener la distancia de seguridad interpersonal o, en su defecto, la utilización de medidas alternativas de protección física.*

*3. Deberán aplicarse las medidas de higiene y prevención establecidas, especialmente en lo que se refiere a proceder diariamente a la limpieza y desinfección de estos espacios en las áreas de contacto de las zonas comunes, tales como juegos de las zonas infantiles, aparatos de actividad física u otro mobiliario urbano de uso compartido.*

*4. Se recomienda disponer en esos espacios, especialmente en lo que se refiere a parques infantiles, de dispensadores de geles hidroalcohólicos o desinfectantes con actividad viricida, debidamente autorizados y registrados, o de una solución jabonosa en el caso de espacios para menores de dos años de edad.”*

A fin de informar aos usuarios das medidas de seguridade, avisos normativos e das boas prácticas fronte ao virus COVID-19 para a correcta utilización dos parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas, o servizo de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo en informe proposta estableceu, entre outras, como medida preventiva nº 1 a instalación de cartelería informativa en todos os parques infantís, parques biosaludables, zonas deportivas, pistas skate o espacios similares de uso público ao aire libre.

A cartelería subministrada será instalada polo adxudicatario nos parques da cidade de

Con cada entrega de cada subministro e instalación entregarán un albarán especificando o material, que será validado por persoal municipal unha vez comprobado o material en canto a unidades, calidades e montaxe.”

-II-

## **DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA**

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso





## Concello de Vigo

- o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
  3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
  4. Renderase a conta xustificativa do libramento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
  5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

-III-

### DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE AO GASTO

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.

-IV-

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO

*“Adxudicar o contrato de subministro e instalación de cartelería informativa Covid-19 en parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas, á empresa Corporación de Comunicaciones, S.L. (CIF: B-36.700.201), aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP, coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é o subministro e instalación da cartelería informativa fronte ao Covid-19 para os parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo.*
- *Os prezos unitarios (sen iva) son de:*
  - *Subministro e colocación de cartel de parque infantil e área biosaudable: 113,32€*
  - *Subministro e colocación de cartel de pista deportiva: 9,72 €*
  - *Subministro de pegatiña xogos: 0,26 €*

- *Pack vixilante: 35 €*
- *O prezo de adxudicación é de 34.557.00 € IVE incluído.*
- *O gasto será imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.*
- *O prazo de execución comezará de ó día seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista, e rematará necesariamente cando finalicen as medidas adoptadas polo órgano competente con motivo da crise xerada polo COVID-19 ou ata que as condicións da emerxencia sanitaria conclúan ou cando se esgote o presuposto máximo de licitación.*
- *Os carteis deberán instalarse no prazo de 10 días a contar dende a data de adxudicación do presente contrato, na totalidade dos parques infantís (142 áreas), áreas biosaudables (68 áreas) e pistas deportivas (95 unidades) do Concello de Vigo.*
- *Dotarase de equipamento ao persoal que realiza as tarefas de desinfección e control de aforo nos parques fronte ao Covid-19 (26 equipamentos formados por viseira serigrafiada, chaleco reflectante serigrafiado con anagramas e lendas identificativos do servizo a prestar e un par de vinilos inmantados A4 para os vehículos).*
- *As características xerais dos materiais a subministrar e instalar son:*
  - *230 unidades de carteis para parques infantís e áreas biosaudables: Deseño e impresión sobre polipropileno liso de 5mm de espesor. Composto por unha estrutura interior de burbullas e dúas sólidas capas moi lisas exteriores de polipropileno lixeiro pero resistente, ideal para uso en exterior á intemperie. Impreso polas dúas caras a toda cor. Corte dixital recto. Protección para intemperie e raios UV. Medidas aproximadas de 420 x 594 mm. Con 3 oxales metálicos en tres das catro esquinas para a súa posterior sustentación. Este cartel instalárase sobre estrutura tipo bandeirola (L invertida) de diámetro 35 de aceiro inox AISI 304 plegado, con pestañas para atornillar sobre varanda existente nas entradas dos parques infantís. Inclúese unha porcentaxe de carteis un pouco superior respecto aos parques existentes para abordar parques con dobre entrada e calquera acto de vandalismo producido sobre os mesmos.*
  - *95 unidades de carteis para pistas deportivas: Deseño e impresión sobre polipropileno liso de 5mm de espesor. Composto por unha estrutura interior de burbullas e dúas sólidas capas moi lisas exteriores de polipropileno. Lixeiro pero resistente, ideal para uso en exterior á intemperie. Impreso polas dúas caras a toda cor. Corte dixital recto. Protección para intemperie e raios UV. Medidas aproximadas de 420 x 594 mm. Con 4 oxales metálicos nas catro esquinas para a súa posterior sustentación mediante bridas plásticas. Dito cartel será instalado sobre o pechamento propio das pistas próximo ás entradas. Inclúese unha porcentaxe un pouco superior de carteis respecto as pistas existentes para abordar calqueira acto de vandalismo producido sobre os mesmos.*
  - *2.680 unidades de pegatiñas autoadhesivas para indicar a distancia interpersonal na totalidade dos xogos: Deseño e Impresión sobre vinilo especial con alta adherencia para aplicar sobre superficies difíciles. Protección para intemperie e raios UV. Medidas de 10x10cm. Corte dixital recto.*



## Concello de Vigo

- 25 packs identificativos para o persoal de desinfección e control de aforos, compostos por Visera serigrafiada con logo Concello e texto Control de Parques, chaleco reflectante serigrafiado na súa espalda con Logo Concello e texto Control de Parques e 2 vinilos imantados tamaño A4 para laterales de vehículo do persoal de control.
- Unha vez validado o deseño e materiais da carteleria e das pegatiñas autoadhesivas, entregarase unha mostra por cada tipo en tamaño e formato final, previa a confección de todo o pedido do subministro.
- O subministro farase atendendo aos pedidos parciais que estarán determinados polas necesidades do servizo, ata a cantidade de unidades totais que sume o importe do contrato. Poderase variar a cantidade das diferentes tipoloxías segundo as necesidades do servizo.
- Non poderán transcorrer mais de dous días entre a formalización do pedido e a súa entrega e instalación.
- Os pedidos virán totalmente paletizados e embalados en caixas de cartón garantindo a total protección do material no seu transporte e almacenaxe, antes da súa posterior instalación.
- A forma de pago será mediante a presentación de facturas mensuais nas que se acreditarán o número de elementos subministrados nese período.
- Dada a natureza das prestacións obxecto do mesmo non é necesario fixar prazo de garantía.
- O responsable do Contrato será a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(508).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN DE PARQUES INFANTIS, AREAS BIOSAUDABLES E PISTAS DEPORTIVAS, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 48304/446.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 26 de xuño de 2020, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, elabora unha memoria xustificando a necesidade deste contrato e indicando as características do mesmo:

- O obxecto do contrato é o servizo de desinfección de parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo.
- O presuposto base de licitación fíxase en 198.250 € IVE incluído.
- O prezo unitario é de 195 € por instalación.
- O horario de prestación do servizo é de 22: 00 a 10:00.
- O prazo de execución comezará de ó día seguinte á notificación do acordo de adjudicación ó contratista, e rematará necesariamente cando finalicen as medidas adoptadas polo órgano competente con motivo da crise xerada polo



## Concello de Vigo

COVID-19 ou ata que as condicións da emerxencia sanitaria conclúan ou cando se esgote o presuposto máximo de licitación.

- A forma de pago do prezo será mediante a presentación de facturas mensuais nas que se acreditarán o número de áreas desinfectadas nese período.
- Dada a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.
- O responsable do Contrato será a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- O tratamento de desinfección fronte ao COVID 19, realizarase cos mellores e mais efectivos produtos viricidas do mercado, tipo RELY ON VIRKON, eficaz fronte a 19 familias de virus, alternando con outros viricidas de recoñecida eficacia como OX VRIN e PROCSAN.
- Realizaranse 8 rutas, dentro do territorio municipal, con persoal técnico cualificado para poder desinfectar a totalidade dos parques infantís (142 áreas), áreas biosaudables (68 áreas) e pistas deportivas (95 unidades). A desinfección será diaria, de luns a domingo, en horario de 22:00h a 10:00h. Os equipos disporán de vehículo para os seus desprazamentos.
- Empregarase un tratamento a base de pulverización-nebulización mediante mochila de espalda con motor de combustión de gran capacidade de alcance para o tratamento das áreas e dos elementos, para minimizar o ruído nocturno.
- A empresa que realice os servizos de desinfección deberá aportar un CERTIFICADO DIARIO correspondente ao servizo realizado, ademais de toda a documentación indicada segundo a normativa vixente UNE-EN 16636 de Servizos de Xestión de Pragas de Novembro de 2015.
- Todo o persoal disporá dos medios de protección individual e colectiva para o desenvolvemento desta actividade: filtros de protección facial integral, mascarilla modelo 3M 7900, mono integral impermeable, guantes de nitrilo, xel hidroalcohólico. Deberán xestionar mediante xestor autorizado todos os residuos xerados durante as tarefas obxecto deste contrato.
- Naqueles casos nos que non teñamos constancia da presenza de coronavirus, realizarase unha desinfección previa á limpeza, que se levará a cabo mediante nebulización en frío.
- Nos casos nos que se teña confirmado a presenza do virus, se realizará unha desinfección de choque, para a que o responsable técnico establecerá un protocolo de actuación en base ao nivel de risco e o tipo de instalación.
- Unha vez transcorrido o prazo de seguridade establecido na autorización do rexistro do biocida, e trala ventilación da zona tratada, poderanse acometer os traballos de limpeza, mantemento e conservación correspondentes á empresa adxudicataria da conservación e mantemento.
- Todos os traballos incluírán os custes salariais segundo convenio, pluses por toxicidade, nocturnidade, desprazamentos, custes de medios e consumibles, certificacións diarias.”

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a elección do contratista AGRONERGA S.L. (CIF: B-36.938.652), que declara a súa capacidade para contratar.

**Cuarto.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.

**Quinto.-** En data 29 de xuño, a Secretaria de Administración municipal, informa favorablemente a presente contratación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos podese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:



## Concello de Vigo

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

Entre as competencias que poden asumir os municipios atópase prestar servizos relativos á promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre dos cidadáns (artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA).

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ó coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal. Informa o servizo xestor:

*“A necesidade do presente contrato é a desinfección fronte á COVID-19 das áreas e elementos de mobiliario dos parques infantís, áreas biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre no Concello de Vigo.*

*O contrato ten carácter de emerxencia dada a súa necesidade para dar cumprimento as medidas de prevención en materia da reapertura dos parques infantís, áreas biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre determinadas pola autoridade sanitaria en Resolución de 12 de junio de 2020, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Sanidad, por la que se da publicidade del Acuerdo del Consello de la Xunta, de 12 de junio de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, una vez superada la fase III del Plan para la transición hacia una nueva normalidad”, en tanto que continua vixente a declaración de emerxencia sanitaria de interese galego acordada polo Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020.*

*O apartado 2.1 do anexo determina que con carácter xeral, sen prexuízo das normas ou protocolos específicos que se establezan, serán aplicables a todos os establecementos, locais de negocio, instalacións e espazos de uso público e actividades de carácter público as seguintes medidas de hixiene e prevención:*

*a) O titular da actividade económica ou, de ser o caso, o director ou responsable dos centros, instalacións, espazos de uso público e entidades deberá asegurar que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección adecuadas ás características e intensidade de uso dos establecementos, locais, instalacións ou espazos recollidas a continuación.*

*Nas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características, conforme as seguintes pautas:*

*1a) Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e*

*debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta*

*No apartado 3.32 do anexo sobre medidas de prevención a aplicar en parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre recollido na resolución de 12 de xuño, establécese:*

*“1. Los parques infantiles, parques biosaludables, zonas deportivas, pistas skate o espacios de uso público al aire libre similares podrán estar abiertos al público siempre que en los mismos se respete un aforo máximo estimado de una persona por cada cuatro metros cuadrados de espacio computable de superficie del recinto.*

*2. Deberán establecerse las medidas necesarias para mantener la distancia de seguridad interpersonal o, en su defecto, la utilización de medidas alternativas de protección física.*

*3. Deberán aplicarse las medidas de higiene y prevención establecidas, especialmente en lo que se refiere a proceder diariamente a la limpieza y desinfección de estos espacios en las áreas de contacto de las zonas comunes, tales como juegos de las zonas infantiles, aparatos de actividad física u otro mobiliario urbano de uso compartido.*

*4. Se recomienda disponer en esos espacios, especialmente en lo que se refiere a parques infantiles, de dispensadores de geles hidroalcohólicos o desinfectantes con actividad viricida, debidamente autorizados y registrados, o de una solución jabonosa en el caso de espacios para menores de dos años de edad.”*

*Para evitar a propagación do virus SARS-COV2, causante da enfermidade denominada COVID-19, o servizo de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo en informe proposta estableceu, entre outras, como medida preventiva nº 3 a desinfección fronte a COVID-19 das áreas e elementos dos parques infantís, parques biosaludables, zonas deportivas, pistas skate o espacios de uso público ao aire libre similares, tanto na zona centro como no ámbito periurbano e rural do término municipal.*

*O traballo de desinfección masiva que se contrata é de carácter extraordinario co fin de garantir as condicións de seguridade e limpeza establecidas pola autoridade sanitaria requiridas na Resolución de 12.06.2020 e complementarias ás labores de mantemento, limpeza desinfección que ven desenvolvendo a empresa adxudicataria municipal do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano, e en ningún momento o substitúe.*

*O tratamento de desinfección fronte a coronavirus das zonas indicadas terá que ser realizado por empresas especializadas e rexistradas polo Ministerio de Sanidade. Así mesmo, se utilizarán produtos efectivos fronte a un amplo espectro de microorganismos altamente resistentes, en especial virus, que co seu uso prolongado non creen resistencias, que sexan de acción rápida e eficaces en doses baixas e que estean autorizados polo Ministerio de Sanidade”.*

**-II-**

## **DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA**

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:





## Concello de Vigo

1. O órgano de contratación, sen obrigación de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederáse á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Se renderá a conta justificativa do libramiento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

### -III-

#### **DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO**

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.

### -IV-

#### **COMPETENCIA**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### **ACORDO**

*“Adxudicar o contrato de desinfección de parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas, por tramitación de emerxencia, á empresa AGRONERGA S.L. (CIF:B-36.938.652) aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP e de acordo coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é o servizo de desinfección de parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo.*
- *O presuposto base de licitación fíxase en 198.250 € IVE incluído.*
- *O prezo unitario é de 195 € por instalación.*
- *O gasto será imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.*
- *O horario de prestación do servizo é de 22: 00 a 10:00.*
- *O prazo de execución comezará de ó día seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista, e rematará necesariamente cando finalicen as medidas adoptadas polo órgano competente con motivo da crise xerada polo*

COVID-19 ou ata que as condicións da emerxencia sanitaria conclúan ou cando se esgote o presuposto máximo de licitación.

- A forma de pago do prezo será mediante a presentación de facturas mensuais nas que se acreditarán o número de áreas desinfectadas nese período.
- Dada a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.
- O responsable do Contrato será a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- O tratamento de desinfección fronte ao COVID 19, realizarase cos mellores e mais efectivos produtos viricidas do mercado, tipo RELY ON VIRKON, eficaz fronte a 19 familias de virus, alternando con outros viricidas de recoñecida eficacia como OX VRIN e PROCSAN.
- Realizaranse 8 rutas, dentro do territorio municipal, con persoal técnico cualificado para poder desinfectar a totalidade dos parques infantís (142 áreas), áreas biosaudables (68 áreas) e pistas deportivas (95 unidades). A desinfección será diaria, de luns a domingo, en horario de 22:00h a 10:00h. Os equipos disporán de vehículo para os seus desprazamentos.
- Empregarase un tratamento a base de pulverización-nebulización mediante mochila de espalda con motor de combustión de gran capacidade de alcance para o tratamento das áreas e dos elementos, para minimizar o ruído nocturno.
- A empresa que realice os servizos de desinfección deberá aportar un CERTIFICADO DIARIO correspondente ao servizo realizado, ademais de toda a documentación indicada segundo a normativa vixente UNE-EN 16636 de Servizos de Xestión de Pragas de Novembro de 2015.
- Todo o persoal disporá dos medios de protección individual e colectiva para o desenvolvemento desta actividade: filtros de protección facial integral, mascarilla modelo 3M 7900, mono integral impermeable, guantes de nitrilo, xel hidroalcohólico. Deberán xestionar mediante xestor autorizado todos os residuos xerados durante as tarefas obxecto deste contrato.
- Naqueles casos nos que non teñamos constancia da presenza de coronavirus, realizarase unha desinfección previa á limpeza, que se levará a cabo mediante nebulización en frío.
- Nos casos nos que se teña confirmado a presenza do virus, se realizará unha desinfección de choque, para a que o responsable técnico establecerá un protocolo de actuación en base ao nivel de risco e o tipo de instalación.
- Unha vez transcorrido o prazo de seguridade establecido na autorización do rexistro do biocida, e trala ventilación da zona tratada, poderanse acometer os traballos de limpeza, mantemento e conservación correspondentes á empresa adxudicataria da conservación e mantemento.
- Todos os traballos incluírán os custes salariais segundo convenio, pluses por toxicidade, nocturnidade, desprazamentos, custes de medios e consumibles, certificacións diarias.”

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **8(509).- ADXUDICACIÓN DON CONTRATO DE SERVIZOS DE TAREFAS AUXILIARES DE CONTROL DE AFOROS FRONTE O COVID-19 NOS PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES E PISTAS DEPORTIVAS, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA.. EXPTE. 48305/446.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 19 de xuño de 2020, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, elabora unha memoria xustificando a necesidade deste contrato e indicando as características do mesmo:

- *O obxecto do contrato é o servizo de tarefas auxiliares de control e vixilancia de aforos de parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo.*
- *O presuposto base de licitación fixase en 123.969,90 € IVE incluído.*
- *O prazo de execución comezará de ó día seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista, e rematará necesariamente cando finalicen as medidas adoptadas polo órgano competente con motivo da crise xerada polo COVID-19 ou ata que as condicións da emerxencia sanitaria conclúan ou cando se esgote o presuposto máximo de licitación.*
- *A forma de pago do prezo será mediante a presentación de facturas mensuais nas que se acreditarán o número de áreas vixiladas nese período.*
- *Dada a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.*
- *O responsable do Contrato será a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns*
- *O servizo de control de aforo será para a totalidade das áreas do Concello de Vigo: 142 parques infantís, 68 áreas biosaudables e 95 pistas deportivas.*
- *Implementarase mediante sete equipos motorizados de supervisores, que cubrirán sete rutas en xornada partida en horario de 10:00 a 22:00 horas, todos os días de luns a domingo.*
- *Ao longo da súa xornada poderán inspeccionar una media de 43 áreas de xogo por equipo varias veces ao día.*
- *Os custes materiais da operación son os asociados a un equipamento mínimo para a súa xestión e os EPIS necesarios para os supervisores: crema solar, hidroxel, mascarillas e luvas (todos eles a proba de risco biolóxico).*
- *O equipamento para que o persoal poida desenvolver a súa actividade constará de: móbil, libreta de notas, bolígrafo, carpeta, chifro e altofalante.*
- *Os equipos disporán de vehículo para os desprazamento, e o persoal que preste o servizo disporá de carné vixente de vehículo ou ciclomotor.*



## Concello de Vigo

- *O servizo a prestar consistirá no control e supervisión dos aforos dos parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo. Deberase controlar que nos mesmos se respecte un aforo máximo estimado de unha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto. Dito aforo establecerase na nova cartelería a instalar nestas áreas.*
- *En cada visita deberan cubrir unha folla de control onde se indicarán, como mínimo, os seguintes datos: data, hora, aforo, incidencias, e calquera outro que puidera resultar de relevancia.*
- *Ante calquera incidencia avisará o seu supervisor para a xestión da mesma.*
- *A empresa contará cun seguro de responsabilidade civil.*
- *Os requisitos, permisos e autorizacións para o cumprimento do servizo a prestar correrá a cargo da empresa.*
- *Á finalización do servizo, deberán entregar un informe con todos os partes de control, e unha memoria do servizo prestado onde se incluírá unha reportaxe fotográfica, os equipos empregados, listado resume de incidencias, gráficas de aforos e calquera outra información de relevancia.*
- *Todos os traballos incluírán os custes salariais segundo convenio, desprazamentos, custes de medios e consumibles.*

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a elección do contratista FERROVIAL SERVICIOS S.A (CIF: A-80241789), que declara a súa capacidade para contratar.

**Cuarto.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 "Mantemento de parques infantís e biosaudables" e a súa bolsa de vinculación.

**Quinto.-** En data 29 de xuño, a Secretaria de Administración municipal, informa favorablemente a presente contratación.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### **A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos podese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

Entre as competencias que poden asumir os municipios atópase prestar servizos relativos á promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre dos cidadáns (artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA).

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ó coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal. Informa o servizo:

*“A necesidade do presente contrato é o control de aforo e das medidas de seguridade nas áreas dos parques infantís, áreas biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre no Concello de Vigo.*

*Ten carácter de emerxencia para dar cumprimento as medidas de prevención en materia da reapertura dos parques infantís, áreas biosaudables, zonas deportivas,*



## Concello de Vigo

*pistas skate ou espazos similares de uso público ao aire libre conforme á “RESOLUCIÓN de 12 de junio de 2020, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Sanidad, por la que se da publicidad del Acuerdo del Consello de la Xunta, de 12 de junio de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19, una vez superada la fase III del Plan para la transición hacia una nueva normalidad”, en tanto en canto estea vixente a declaración de emerxencia sanitaria de interese galego acordada polo Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020.*

*No apartado 3.32 do anexo sobre medidas de prevención a aplicar en parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre recollido na resolución de 12 de xuño, establécese:*

*“1. Los parques infantiles, parques biosaludables, zonas deportivas, pistas skate o espacios de uso público al aire libre similares podrán estar abiertos al público siempre que en los mismos se respete un aforo máximo estimado de una persona por cada cuatro metros cuadrados de espacio computable de superficie del recinto.*

*2. Deberán establecerse las medidas necesarias para mantener la distancia de seguridad interpersonal o, en su defecto, la utilización de medidas alternativas de protección física.*

*3. Deberán aplicarse las medidas de higiene y prevención establecidas, especialmente en lo que se refiere a proceder diariamente a la limpieza y desinfección de estos espacios en las áreas de contacto de las zonas comunes, tales como juegos de las zonas infantiles, aparatos de actividad física u otro mobiliario urbano de uso compartido.*

*4. Se recomienda disponer en esos espacios, especialmente en lo que se refiere a parques infantiles, de dispensadores de geles hidroalcohólicos o desinfectantes con actividad viricida, debidamente autorizados y registrados, o de una solución jabonosa en el caso de espacios para menores de dos años de edad.”*

-II-

### **DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA**

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigación de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedésese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.

3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Se renderá a conta justificativa do libramiento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

-III-

### DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO

Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.

-IV-

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### ACORDO

*“Adxudicar o contrato de control de aforos fronte o covid-19 en parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas, á empresa FERROVIAL SERVICIOS S.A (CIF: A-80241789), aplicando a tramitación de emerxencia ó abeiro do artigo 120 da LCSP e de acordo coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é o servizo de tarefas auxiliares de control e vixilancia de aforos de parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo.*
- *O presuposto base de licitación fixase en 123.969,90 € IVE incluído.*
- *O gasto será imputable á aplicación presupostaria 1710.2279902 “Mantemento de parques infantís e biosaudables” e a súa bolsa de vinculación.*
- *O prazo de execución comezará de ó día seguinte á notificación do acordo de adxudicación ó contratista, e rematará necesariamente cando finalicen as medidas adoptadas polo órgano competente con motivo da crise xerada polo COVID-*





## Concello de Vigo

*19 ou ata que as condicións da emerxencia sanitaria conclúan ou cando se esgote o presuposto máximo de licitación.*

- *A forma de pago do prezo será mediante a presentación de facturas mensuais nas que se acreditarán o número de áreas vixiladas nese período.*
- *Dada a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.*
- *O responsable do Contrato será a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns*
- *O servizo de control de aforo será para a totalidade das áreas do Concello de Vigo: 142 parques infantís, 68 áreas biosaudables e 95 pistas deportivas.*
- *Implementarase mediante sete equipos motorizados de supervisores, que cubrirán sete rutas en xornada partida en horario de 10:00 a 22:00 horas, todos os días de luns a domingo.*
- *Ao longo da súa xornada poderán inspeccionar una media de 43 áreas de xogo por equipo varias veces ao día.*
- *Os custes materiais da operación son os asociados a un equipamento mínimo para a súa xestión e os EPIS necesarios para os supervisores: crema solar, hidroxel, mascarillas e luvas (todos eles a proba de risco biolóxico).*
- *O equipamento para que o persoal poida desenvolver a súa actividade constará de: móbil, libreta de notas, bolígrafo, carpeta, chifro e altofalante.*
- *Os equipos disporán de vehículo para os desprazamento, e o persoal que preste o servizo disporá de carné vixente de vehículo ou ciclomotor.*
- *O servizo a prestar consistirá no control e supervisión dos aforos dos parques infantís, áreas biosaudables e pistas deportivas do Concello de Vigo. Deberase controlar que nos mesmos se respecte un aforo máximo estimado de unha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto. Dito aforo establecerase na nova cartelería a instalar nestas áreas.*
- *En cada visita deberán cubrir unha folla de control onde se indicarán, como mínimo, os seguintes datos: data, hora, aforo, incidencias, e calquera outro que puidera resultar de relevancia.*
- *Ante calquera incidencia avisará o seu supervisor para a xestión da mesma.*
- *A empresa contará cun seguro de responsabilidade civil.*
- *Os requisitos, permisos e autorizacións para o cumprimento do servizo a prestar correrána cargo da empresa.*
- *Á finalización do servizo, deberán entregar un informe con todos os partes de control, e unha memoria do servizo prestado onde se incluírá unha reportaxe fo-*

*tográfica, os equipos empregados, listado resume de incidencias, gráficas de aforos e calquera outra información de relevancia.*

- *Todos os traballos incluírán os custes salariais segundo convenio, desprazamentos, custes de medios e consumibles.”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(510).- PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDIMENTO PARA RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE EMERXENCIAS CON EQUIPO DE XEOLOCALIZACIÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6497/241.**

Dáse conta do informe-proposta do 19/06/2020, asindo pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

–Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP

–Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

–Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

–Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

–Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)

–Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros (PCAP)

–Real decreto do 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, en sesión de data 29 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:



## Concello de Vigo

*“Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 17 de outubro de 2018.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 26 de outubro de 2018.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 40.000,00 euros, do que 6.942,14€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606260000 “ Equipos de seguimento de vehículos” do presuposto municipal vixente.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**Segundo.-** Con data do 28 de decembro de 2018, o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade adoptou a seguinte resolución:

*“Adxudicar a EUROCOP SECURITY SYSTEMS, S.L. (NIF:B84137470) o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada mixto de subministros e servizo dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o servizo de Bombeiros” “ (Exp. 35/2131), por un prezo total de 31.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.484,30 euros”.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Esta resolución foi notificada ao adxudicatario o 16 de xaneiro de 2019.

**Terceiro.-** En aplicación do previsto no artigo 159.6g) da LCSP e da cláusula 23.1 do PCAP, o 17 de xaneiro de 2019, D. Ramón García Esteve, en representación de EUROCOP SECURITY SYSTEMS, S.L., asina a notificación de adxudicación en sinal de aceptación, resultando formalizado o contrato ese mesmo día.

**Cuarto.-** O 13 de marzo de 2020, o xefe do Servizo de Extinción de Incendios emite informe dirixido ao Servizo de Contratación no que solicita a *“resolución deste contrato por incumprimento do prazo contractual establecido en 15 días”.*

**Quinto.-** O 27 de marzo o Servizo de Contratación devolve o expediente ao servizo xestor, mediante dilixencia na que se comunica a suspensión dos prazos nos termos previstos na disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Sexto.-** Con data do 20 de maio de 2020, o Servizo de Extinción de Incendios remite novamente o expediente ao Servizo de Contratación por se procedese a resolución do contrato.

**Sétimo.-** O 8 de xuño de 2020 o xefe do Servizo de Extinción de Incendios emite informe sobre danos e perdas.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato que nos ocupa ten por obxecto *“a adquisición e implantación dun sistema de xestión de información en emerxencias, que axude a mellorar os tempos de resposta e facilitar a xestión, organización e toma de decisións antes, durante e despois das emerxencias e urxencias no desenvolvemento dos Servizos de Bombeiros”* (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato mixto por comprender prestacións propias do contrato típico de subministro (67,06%) e do contrato de servizos (32,94%).

Resulta preciso determinar o réxime aplicable á resolución contractual. Segundo o artigo 18.1 da LCSP, o réxime xurídico dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos mixtos determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2, que regula os pregos de cláusulas administrativas particulares (*“No caso de contratos mixtos, detallarase o réxime xurídico aplicable para os seus efectos, cumprimento e extinción, atendendo ás normas aplicables ás diferentes prestacións fusionadas neles”*).

-II-



**Concello de Vigo**

### **Da mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista**

A LCSP no seu artigo 193 establece que o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista, por causas a el imputables, tivera incorrido en mora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído. O réxime de penalidades deste contrato regúlase na cláusula 35 do PCAP.

Segundo o indicado na cláusula 7 do PCAP, "*non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización*". A data de inicio do contrato será a sinalada no apartado 4.D das FEC ("*25 de novembro de 2018*"), que se corresponde coa data prevista na cláusula 6 do PPT, agás, entre outros, nos supostos nos que por mor da tramitación do expediente de contratación non fose posible formalizalo antes da data sinalada no apartado 4.D da FEC. En efecto, o contrato formalizouse o 16 de xaneiro de 2019, momento a partir do cal se inicia a prestación.

O prazo de execución do contrato fíxase no apartado 4A do Anexo I -FEC- do PCAP en 30 días, sendo susceptible de ser reducido polos licitadores ao preverse esta redución como un criterio de adjudicación do contrato (apartado 6A das FEC). De feito, o contratista ofertou unha redución do prazo de 15 días, polo que o prazo de execución do contrato quedou reducido a 15 días.

**-III-**

### **Da resolución**

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 42 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211, 306 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de subministros e servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista. En todo caso o atraso inxustificable sobre o plan de traballos establecido no prego ou no contrato, en calquera actividade, por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial del contrato, incluídas as posibles prórrogas.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de subministros (artigo 306 da LCSP):

- j) A desistencia antes da iniciación do subministro ou a suspensión da iniciación do subministro por causa imputable á Administración por prazo superior a catro meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega agás que no prego se sinale outro menor.
- k) A desistencia unha vez iniciada a execución do subministro ou a suspensión do subministro por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración, agás que no prego se sinale outro menor.

Para as prestacións de servizos (artigo 313 da LCSP):

- l) A desistencia antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data nel sinalada para o seu comezo, agás que no prego se sinale outro menor.
- m) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, agás que no prego se sinale outro menor.
- n) Os contratos complementarios quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.



## Concello de Vigo

Reprodúcese a continuación o informe emitido polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 13 de marzo de 2020:

*"O Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria e urxente dos día 29 de novembro de 2018 adoptou o acordo de aprobación do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros.*

*O concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade o 28 de decembro de 2018 resolveu adxudicar a empresa Eurocop Security Systems, S.L (NIF: B84137470) a execución deste contrato mixto de xestión de emerxencias (Expediente 35-2131) por un prezo total de 31.600,00€, sendo a cota correspondente ao IVE DE 5.484,30€, todo isto de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de novembro e a oferta presentada.*

*O prego de prescrición técnicas no punto apartado 8 establece que o prazo de execución do contrato será de 30 días e non proceden prórrogas. Así mesmo, o apartado 4A) do Anexo I de características técnicas do contrato FEC establece que o prazo total é de 30 días, propondo a empresa na oferta económica un redución do prazo máximo de entrega de 15 días. A empresa Eurocop Security Systems, S.L. asinou a resolución de adxudicación con contrato con data 17 de xaneiro de 2019.*

*O 15 de febreiro de 2019 (rematado o prazo de execución), despois de realizar diversas chamadas a empresa, recibimos un correo electrónico co seguinte contido: "Quedamos a su disposición para determinar los requerimientos técnicos y avanzar en la implementación del sistema. Indicarnos disposición para una primera toma de contacto telefónico y comentar requerimientos".*

*O 5 de marzo de 2019 o Servizo de Administración Electrónica crea, a petición da empresa adxudicataria, un servidor Gesfire de aplicacións e outro dedicado as integracións para implementar o programa.*

*Unha vez que instalaron un modelo de programa que non se axustaba ao requirido porque estaba formulado para outro colectivo , se lle pediu que viñeran ao parque a explicar o programa e ver as necesidades específicas, polo que o 29 de abril acudiron ao Parque Central de Teis onde expuxeron o programa que en nada se axustaba as directrices establecidas, polo ao día seguinte se lle remitiu correo electrónico comunicándolle que comprobado, despois da visita, que o proceso de implementación do sistema no SPEIS de Vigo estaba nun estado inicial, se lle recordaba que o prazo de execución establecido en 15 días estaba amplamente sobrepasado.*

*O 21 de maio remiten por correo electrónico os cambios efectuados no módulo de xestión de avisos do programa para valoración e pídennos que revisemos o resto de módulos comprobando que non habían recollido ningunha das modificacións indicadas.*

*No mes de xullo como non tiñamos noticia ningunha da empresa, contactamos telefonicamente con eles e lle pedimos que viñeran ao servizo e implantaran o programa. O 18 de xullo veñen novamente e comprobamos que o programa era o mesmo esqueleto aportado dende o inicio polo en presenza de mandos, condutores e telefonistas se lle volveu a explicar o funcionamento do servizo e se lle pediu que unha vez elaborado o programa o viñeran a instalar e probar.*

*O 26 de de setembro volven a remitirnos diversos links con modificación realizadas no proxecto sin que ata o día data entregaran o programa adquirido nin implementaran o sistema.*

*Por todo o exposto, solicitamos a resolución deste contrato por incumprimento do prazo contractual establecido en 15 días”.*

Tras un exame das causas de resolución, e á vista do informe do xefe do Servizo de Extinción de Incendios, podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado d) do artigo 211.1 da LCSP.

#### **-IV-**

##### **Do procedemento de resolución**

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.
- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior. Neste caso non procede porque neste procedemento non se require a constitución de garantía definitiva (artigo 159.6g) da LCSP).
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é





## Concello de Vigo

preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

**-V-**

### **Dos efectos da resolución**

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP.

O seu apartado 3 prevé que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía y deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe do garantía incautada. En todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, tivese constituído.

Segundo se desprende do informe do xefe do Servizo de Extinción de Incendios a causa da resolución débese a unha causa imputable ao contratista, no entanto, como xa se indicou no punto anterior, neste procedemento non se constituíu garantía definitiva ao tratarse dun procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, polo que non é posible a súa incautación.

Respecto da indemnización polo contratista á Administración polos danos e perdas ocasionados, o Consejo de Estado vén recoñecendo (ditame 116/2015, do 10 de marzo) que, como mínimo, serán os derivados das actuacións tendentes a resolver o contrato e licitar un novo co conseguinte atraso na satisfacción da finalidade pública perseguida polo contrato.

Consta no expediente informe emitido polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios no que indica "[...] *que este incumprimento non ocasionou ao Servizo de Bombeiros ningún dano nin perda, mais ala da demora na implantación dun sistema de xestión que permita a automatización na xestión do servizo e un sistema de xeolocalización que ofrezca información para una mellor resposta nas intervencións. A implementación deste sistema é necesario pero no impide o normal desenvolvemento do servizo*".

Ao tempo de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato pola causa establecida no artigo 211.1.g poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución.

Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os dous procedementos.

**-VI-**

### **Do prazo para ditar resolución**

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resolto é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

### **-VII-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Logo da audiencia ao contratista e ao avalista (cando proceda), emitirase informe proposta que resolverá o mesmo órgano competente, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), e no caso de que o contratista formule oposición, do informe do Consello Consultivo.

### **-VIII-**

#### **Acordo**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato mixto de subministro e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros adxudicado a EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L. por resolución do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade o 28 de decembro de 2018 por un prezo total de 31.600,00 euros e un prazo de execución de 15 días, por concorrer a causa prevista no artigo 211.1d) da LCSP (“mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista”).*

*2º.- Declarar a urxencia da tramitación en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.*

*3º.- Dar traslado deste acordo ao contratista, concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción deste acordo para formular as alegacións que estime convenientes”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**10(511).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO IMPORTE DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, TR 351F 2020/48-5. EXPTE. 17078/77.**

Dáse conta do informe-proposta do 29/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 26 de xuño de 2020, acordou:

*-1.- Aceptar a subvención concedida na resolución do xefe territorial de Pontevedra do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 19 de xuño de 2020 en base á Orde do 20 de decembro de 2019 (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020 TR351F 2020/48-5), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 30.972,42 € para a contratación de 1 oficial conductor e 2 oficiais albaneis durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2020/48-5."*

II. Porén, advírtese erro no importe da subvención, xa que dispón a aceptación de **30.972,42 €** en lugar de **30.927,42 €** que é o importe correcto, tal e como consta na resolución recibida en data 19/06/20 que consta no expediente, asinada polo xefe territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, D. Ignacio Rial Santomé, correspondente ao expediente TR351F 2020/48-5, pola que se concede ao Concello de Vigo unha subvención para a contratación de 1 oficial conductor e 2 oficiais albaneis en situación ou risco de exclusión perceptoras da Risga para a realización da obra ou servizo "REHABILITACION DE LAVADOIROS E REPARACIÓN DE PAVIMENTOS NAS BEIRARRUAS DA CIDADE DE VIGO"

III. A presente modificación non require de novo informe da Intervención Xeral Municipal por tratarse dunha mera corrección de erro material respecto do importe na contía da subvención aceptada que non supón incremento do orzamento indicado inicialmente de 30.972,42 €, pasando a ser 30.927,42 €, e toda vez que a proposta se refire *unicamente a unha aceptación de subvención, non supoñendo para o Concello de Vigo a realización directa dun gasto, polo que o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa pola Intervención Xeral Municipal, debendo remitirse o acordo que se adopte ao*

*servizo de contabilidade para a toma de razón correspondente, e posterior control financeiro pola Intervención.*

De acordo co anterior e nos termos do disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que a Administración poderá rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos e, previa conformidade do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, cómpre formular proposta á Xunta de Goberno Local para a adopción do seguinte acordo:

**ÚNICO:** *Corrixir o erro material advertido no importe da subvención aceptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2020, co seguinte tenor literal:*

*1.- Aceptar a subvención concedida na resolución do xefe territorial de Pontevedra do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 19 de xuño de 2020 en base á Orde do 20 de decembro de 2019 (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020 TR351F 2020/48-5), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 30.927,42 € para a contratación de 1 oficial conductor e 2 oficiais albaneis durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2020/48-5.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(512).- PROPOSTA DE PRÓRROGA EXCEPCIONAL NA CESIÓN DE VIVENDA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO IDENTIFICADA CO CÓDIGO Nº E-638-C-8. EXPTE. 9079/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 29/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de Área e pola secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

O día 1 de marzo de 2019 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI núm. \*\*\*8162\*\*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.



## Concello de Vigo

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI núm. \*\*\* 8162\*\* e o seu fillo, a ocupasen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/03/2019.

Desde o día 14 de marzo de 2019 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 9 de agosto de 2019 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a seis meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de agosto de 2019).

En data 6/03/2020 o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe solicitando unha prórroga excepcional por un período máximo de tres meses para a unidade familiar, a teor da situación socio-familiar da beneficiaria. No informe valórase a importancia de prorrogar excepcionalmente a súa estancia na vivenda de protección municipal por un período non superior a tres meses, namentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención. (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2020). Se ben, as circunstancias excepcionais como consecuencia do estado de alarma sanitaria provocado pola pandemia da COVID-19 impediron que neste período de tempo a unidade familiar acollida neste dispositivo acadaran os obxectivos previstos no proxecto de intervención sociofamiliar. Por este motivo, propónse para esta familia a aprobación dunha segunda prórroga excepcional na cesión temporal no piso municipal de protección por un período máximo de tres meses.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar un segundo período de prórroga excepcional na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de tres meses de duración e que finalizará o día 13 de setembro de 2020 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 9079/224.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(513).- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E**

## ENCONTROS VECIÑAIS (CARPAS) OUTORGADA Á SOCIEDADE, CULTURAL, DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS DE BEMBRIVE. EXPTE. 9398/320.

Visto o informe de fiscalización do 28/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 11/03/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución 23/10/19), polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “*Outorgamento de Subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019*” (expediente número 8921-320) outorgar á **Sociedade, Cultural, Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive** (CIF: 36633428) unha subvención para “**Montaxe Carpa Magosto 2019**”, por importe de **1.391,50 €**:

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	Total Puntos	Orzamento Proxecto	Solicitud Máxima	Proposta Subvención
G-36633428	S.C.D.R Helios- Bembrive	Montaxe carpa Magosto 2019	26	1.391,50 €	1.391,50 €	<b>1.391,50 €</b>

Con data 27/01/2020, a xefa do Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, á vista da documentación xustificativa da subvención presentada pola entidade, emite informe indicando que:

Conforme á **base segunda da convocatoria “Requisitos dos solicitantes, poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5 Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:**

(...)

9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:

a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.

b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco”

Conforme a **base sétima da convocatoria “Obrigas que asumen as entidades subvencionadas”** os beneficiarios das subvencións están obrigados a:



## Concello de Vigo

*“Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso”*

Conforme a **base décimo terceira “Prazo e forma de xustificación da subvención outorgada”**, as entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos [...].

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no **Anexo VIII**, no que se inclúen os seguintes datos:

**[...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.” [...]**

Coa finalidade de verificar o cumprimento do establecido nestas bases, o servizo de Participación Cidadá solicitou de oficio (doc: 190204199) un informe ao departamento de Seguridade respecto do cumprimento do establecido na Lei 10/2017 na tramitación de eventos e festas populares, as cales, terán que axustarse, con carácter xeral, ao establecido nesta Lei, sen prexuízo do exame particularizado que requira cada evento en función do lugar de emprazamento proposto, das datas de celebración e das propias circunstancias que concorran en cada caso.

**Con data 27/12/2019, o Departamento de Seguridade, emite o correspondente informe respecto do cumprimento da Lei 10/2017 por parte das entidades beneficiarias, no que se fai constar que respecto da Sociedade Cultural, Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive “non consta autorización...” para o evento subvencionado:**

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	EXP. AUTORIZACIÓN SEGURIDADE
G-36633428	S.C.D.R Helios-Bembrive	Montaxe carpa Magosto 2019	Non consta nada autorizado por este departamento, agás erro ou consulta das bases de datos

A entidade beneficiaria presentou con data 27/12/2019 (documento núm. 190205459. Expediente ), e conforme a Base 13ª da convocatoria, a xustificación documental da subvención outorgada dentro do prazo establecido tras a ampliación do mesmo aprobada pola Xunta de Goberno Local no acordo de outorgamento das subvencións..

Examinada a conta xustificativa achegada pola entidade interesada, este Servizo de Participación Cidadá notifica con data 2/01/2020 (número de saída 51430) o **requirimento para emendar a falta dos documentos preceptivos e a información relativa ao**

**cumprimento da obrigación de contar coa correspondente autorización do departamento de Seguridade.**

Con data 9/01/2020 a entidade presenta vía rexistro telemático (doc. 200003084), entre outra documentación, un escrito do presidente da entidade onde "***Certifica que a carpa solicitada foi montada en terreo da S.C.D.R Helios de Bembrive o día 10 de novembro de 2019***" en resposta ao requirimento da necesidade de contar coa correspondente autorización do servizo de Seguridade e Mobilidade, polo que **non acredita contar con autorización ningunha.**

Conforme a Base 17ª. a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa **revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, en particular de :**

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta a termos da base décimo terceira
- **As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións**
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación da subvención, adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

## **INFORMO**

De conformidade co anteriormente exposto resulta procedente **iniciar un expediente de revogación da subvención outorgada** para a organización de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá (carpas) a prol da Sociedade Cultural, Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive (CIF: G36633428), xa que, salvo proba en contrario, apréciase a concorrenza de determinadas circunstancias establecidas na Base 17ª da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención, como é o incumprimento pola beneficiaria das seguintes obrigas:

1. Contar, cando menos, con:





## Concello de Vigo

*a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.[...]*

*2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso*

*3. [...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia" [...]*

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### **- Perda do dereito ao cobro:**

De acordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: *o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención;* e a letra i) engade: *nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

Xa que logo e, en consonancia co exposto no informe anteriormente transcrito, procedeuse mediante orde de inicio de expediente asinada polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de data **28/01/2020**, ao inicio do procedemento de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a prol da entidade **Sociedade, Cultural, Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive** (CIF: 36633428) unha subvención para "**Montaxe Carpa Magosto 2019**", por importe de **1.391,50 €**.

Mediante notificación asinada polo xefa de servizo en data **29/01/2020**, co conforme do concelleiro delegado de de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de 10 días a asociación puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Dende a recepción da devandita notificación (segundo o acuse de recibo electrónico de data 30.01.2020) **non consta que se teña achegado ningunha documentación ata a data por parte da entidade interesada unha vez transcorrido amplamente o prazo outorgado.**

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

## **ACORDO**

**1º.- Declarar a perda total do dereito ao cobro da subvención outorgada á Sociedade, Cultural, Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive** (CIF: 36633428) unha subvención para **“Montaxe Carpa Magosto 2019”**, por importe de **1.391,50 €**, por incumprimento da Base 2ª.9.a), Base 7ª,e Base 13ª das bases reguladoras e convocatoria das subvencións para *o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019”* (expediente número 8921-320).



## Concello de Vigo

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

**2º.- Notificar o presente acordo á interesada** no expediente, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(514).- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS (CARPAS) OUTORGADA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR. EXPTE. 9399/320.**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución 23/10/19), polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS DE DEREITO**

A Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “*Outorgamento de Subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019*” (expediente número 8921-320) outorgar á Asociación de Veciños de Beade AVCU-CSCR (CIF: 36632081) unha subvención para “**Montaxe Carpa na XXXIII Festa da Cereixa -VIII Carreira da Cereixa (31 de maio ao 2 de xuño)**”, por importe de **2.700,00 €**:

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	Total Puntos	Orzamento Proxecto	Solicitud Máxima	Proposta Subvención
G-36632081	Asociación de Veciños de Beade AVCU-CSCR	Montaxe carpa na XXXIII Festa da Cereixa – VIII Carreira da Cereixa (31 de maio ao 2 de xuño)	32	3.509,00 €	2.700,00 €	<b>2.700,00 €</b>

Conforme á **base segunda da convocatoria “Requisitos dos solicitantes”** *podarán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5 Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:*

(...)

9. *As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:*

a) *Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.*

b) *Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco*

Conforme a **base sétima da convocatoria “Obrigas que asumen as entidades subvencionadas”** *os beneficiarios das subvencións están obrigados a:*

*“Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso”.*

Conforme a **base décimo terceira “Prazo e forma de xustificación da subvención outorgada”**, *as entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos [...].*

*A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no Anexo VIII, no que se inclúen os seguintes datos:*

**[...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.” [...]**

Coa finalidade de verificar o cumprimento do establecido nestas bases, o servizo de Participación Cidadá solicitou de oficio (doc: 190204199) un informe ao departamento de Seguridade respecto do cumprimento do establecido na Lei 10/2017 na tramitación de eventos e festas populares, as cales, terán que axustarse, con carácter xeral, ao establecido nesta Lei, sen prexuízo do exame particularizado que requira cada evento en función do lugar de emprazamento proposto, das datas de celebración e das propias circunstancias que concorran en cada caso.

**Con data 27/12/2019, o Departamento de Seguridade, emite o correspondente informe respecto do cumprimento da Lei 10/2017** por parte das entidades beneficiarias, no que se fai constar que respecto da Asociación de Veciños de Beade AVCU-CSCR **“non consta autorización...”** para o evento subvencionado:



## Concello de Vigo

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	EXP. AUTORIZACIÓN SEGURIDADE
G-36632081	A.V.C.V- C.S.- C.R de Beade	Montaxe carpa na XXXIII Festa da Cereixa- VIII Carreira da Cereixa (31 de maio ao 2 de xuño)	Non consta nada autorizado por este departamento, agás erro ou consulta das bases de datos

A entidade beneficiaria presentou con data 27/12/2019 (documento núm. 190205431 Expediente 9399-320), e conforme a Base 13ª da convocatoria, a xustificación documental da subvención outorgada dentro do prazo establecido tras a ampliación do mesmo aprobada pola Xunta de Goberno Local no acordo de outorgamento das subvencións..

Examinada a conta xustificativa achegada pola entidade interesada, este Servizo de Participación Cidadá notifica con data 2/01/2020 (número de saída 51431) o **requirimento para emendar a falta dos documentos preceptivos e a información relativa ao cumprimento da obrigaçión de contar coa correspondente autorización do departamento de Seguridade.**

Con data 2/01/2020 a entidade presenta vía rexistro telemático (doc. 200000460) un escrito onde se fai referencia ao expediente de solicitude de autorización do servizo de Seguridade (140417) relativo ao primeiro acto da Festa da Cereixa co percorrido dos vehículos clásicos pola parroquia de Beade, en resposta ao requirimento da necesidade de contar coa correspondente autorización do servizo de Seguridade e Mobilidade, polo que **non acredita contar con autorización específica para o obxecto da subvención outorgada.**

En base ao escrito de emenda presentado, con data 9/01/2020 solicítase a **emisión dun novo informe do servizo de Seguridade e Mobilidade**, no cal, **se ratifica que a entidade beneficiaria non consta con pertinente autorización para a montaxe de carpa.**

Conforme a Base 17ª. a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa **revogación**, o **incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, en particular de :**

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta a termos da base décimo terceira
- **As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións**
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas bases
- Concorrencia de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS

- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación da subvención, adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá

## **INFORMO**

De conformidade co anteriormente exposto resulta procedente iniciar un expediente de revogación da subvención outorgada para a organización de actos sociais e encontros veciñais de fomento de Participación Cidadá (carpas) a prol da Asociación de Veciños de Beade AVCU-CSCR (CIF:36632081), xa que, salvo proba en contrario, apréciase a concorrencia de determinadas circunstancias establecidas na Base 17ª da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención, como é o incumprimento pola beneficiaria das seguintes obrigas:

1. Contar, cando menos, con:

*a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.[...]*

*2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso*

*3. [...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia" [...]*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **- Perda do dereito ao cobro**

De acordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: *o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que*



## Concello de Vigo

*acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención; e a letra i) engade: nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

Xa que logo e, en consonancia co exposto no informe anteriormente transcrito, procedeuse mediante orde de inicio de expediente asinada polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de data **30/01/2020**, ao inicio do procedemento de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a prol da Asociación de Veciños de Beade AVCU-CSCR (CIF: 36632081) para a **“Montaxe de carpa na XXXIII Festa da Cereixa- VIII Carreira da Cereixa (31 de maio ao 2 de xuño)”**, por importe de **2.700,00 €**.

Mediante notificación asinada polo xefa de servizo en data **30/01/2020**, co conforme do concelleiro delegado de de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de 10 días a asociación puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

A recepción da devandita notificación realizouse con data 31/01/2020 (conforme o acuse que consta no expediente), polo que o prazo de presentación de alegacións remataría o 14/02/2020.

**Con data 12/02/2020 a entidade beneficiaria presenta vía rexistro telemático (número 200024723), un escrito de alegacións, no cal se fai referencia no apartado terceiro, de maneira explícita á falta de autorización para a instalación da carpa subvencionada:**

*“ La AVCU\_CSCR de Beade, siempre celebra la fiesta de la cereza colocando dos carpas: una en la terraza del edificio y otra en el aparcamiento (mitad titular público, mitad privado). Entendemos que si bien no tenemos autorización para la instalación de las carpas y el motivo es la falta de acreditación de la instalación de las mismas, aportamos fotografías, presupuesto, factura de las mismas”.*

Respecto a este apartado debemos indicar que, conforme coa entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a celebración de festas e eventos populares, na medida que comportan unha ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal afectados polo evento, require da preceptiva autorización da Administración.

Este réxime de control intensifícase cando o acto de ocupación comporta a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias, especialmente as que requiran da instalación de escenarios e estruturas móbiles (declaración responsable asinada polo titular da instalación etc...).

A ocupación temporal do sistema viario público para a celebración dun evento ou festa popular está suxeito ao control e autorización previa do departamento municipal de Seguridade e Mobilidade, de acordo ás competencias que esta Administración local ostenta no tocante ás funcións de tutela e actos de ocupación dos sistemas viarios e espazos de

uso público da súa titularidade, así como en materia de seguridade cidadá, ordenación do tráfico de vehículos e de persoas en vías urbanas e en materia de espectáculos públicos.

**A entidade non acredita estas en posesión de autorización ningunha para o proxecto subvencionado polo que a tenor do previsto nas bases reguladoras , resulta procedente declarar decaída á interesada no seu dereito ao trámite e formular a proposta de acordo de perda do dereito ao cobro total da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamentación anteriormente exposta.**

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

#### ACORDO

**1º.- Declarar a perda total do dereito ao cobro da subvención outorgada á Asociación de Veciños de Beade AVCU-CSCR (CIF: 36632081) unha subvención para “Montaxe de carpa na XXXIII Festa da Cereixa- VIII Carreira da Cereixa (31 de maio ao 2 de xuño)”, por importe de 2.700,00 €, por incumprimento da Base 2ª.9.a), Base 7ª,e Base 13ª das bases reguladoras e convocatoria das subvencións para o *financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019* (expediente número 8921-320).**





## Concello de Vigo

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

**2º.- Notificar o presente acordo á interesada** no expediente, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### Acordo

A Xunta d

e Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(515).- PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS DE ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS (CARPAS) OUTORGADA AO CENTRO CULTURAL RECREATIVO DE VALLADARES. EXPTE. 9402/320.**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución 23/10/19), polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS DE DEREITO**

A Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de “*Outorgamento de Subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019*” (expediente número 8921-320) outorgar ao Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares (CIF: 36617082) unha subvención para “**Montaxe de carpas no Encontro de Música Popular Galego-Portuguesa do 10 de agosto**”, por importe de **2.698,30 €**:

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	Total Puntos	Orzamento Proxecto	Solicitud Máxima	Proposta Subvención
G-36617082	C.C.R. De Valladares	Montaxe de carpas no Encontro de Música Popular Galego-Portuguesa do 10 de agosto	30	2.698,30 €	2.698,30 €	<b>2.698,30 €</b>

Conforme á **base segunda da convocatoria “Requisitos dos solicitantes”** *podarán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5 Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:*

(...)

9. *As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:*

a) *Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.*

b) *Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco*

Conforme a **base sétima da convocatoria “Obrigas que asumen as entidades subvencionadas”** *os beneficiarios das subvencións están obrigados a:*

*“Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso”.*

Conforme a **base décimo terceira “Prazo e forma de xustificación da subvención outorgada”**, *as entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos [...].*

*A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no Anexo VIII, no que se inclúen os seguintes datos:*

**[...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.” [...]**

Coa finalidade de verificar o cumprimento do establecido nestas bases, o servizo de Participación Cidadá solicitou de oficio (doc: 190204199) un informe ao departamento de Seguridade respecto do cumprimento do establecido na Lei 10/2017 na tramitación de eventos e festas populares, as cales, terán que axustarse, con carácter xeral, ao establecido nesta Lei, sen prexuízo do exame particularizado que requira cada evento en función do lugar de emprazamento proposto, das datas de celebración e das propias circunstancias que concorran en cada caso.

**Con data 27/12/2019, o Departamento de Seguridade, emite o correspondente informe respecto do cumprimento da Lei 10/2017** por parte das entidades beneficiarias, no que se fai constar que respecto do Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares **“non consta autorización...”** para o evento subvencionado:



## Concello de Vigo

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	EXP. AUTORIZACIÓN SEGURIDADE
G-36617082	C.C.R. De Valladares	Montaxe de carpas no Encontro de Música Popular Galego-Portuguesa do 10 de agosto	Non consta nada autorizado por este departamento, agás erro ou consulta das bases de datos

A entidade beneficiaria presentou con data 27/12/2019 (Expediente 9357-320), e conforme a Base 13ª da convocatoria, a xustificación documental da subvención outorgada dentro do prazo establecido tras a ampliación do mesmo aprobada pola Xunta de Goberno Local no acordo de outorgamento das subvencións..

Examinada a conta xustificativa achegada pola entidade interesada, este Servizo de Participación Cidadá notifica con data 2/01/2020 (número de saída 51429) o **requirimento para emendar a falta dos documentos preceptivos e a información relativa ao cumprimento da obrigaçión de contar coa correspondente autorización do departamento de Seguridade.**

Con data **15/01/2020** a entidade presenta vía rexistro telemático (doc. 200006314, 200006320, 200006329) diversa documentación, pero en ningún dos escritos presentados se fai referencia ao número de expediente requirido de autorización do servizo de Seguridade e Mobilidade para montaxe de carpas na data e para o evento solicitado pola entidade no expediente de solicitude de subvencións, e, aprobado pola Xunta de Goberno Local no acordo de "*Outorgamento de Subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019*" (expediente número 8921-320), en consecuencia, **a entidade beneficiaria non acredita contar con autorización específica para o obxecto da subvención outorgada.**

Conforme a Base 17ª. a) da convocatoria, dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa **revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases convocatoria e, en particular de :**

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta a termos da base décimo terceira
- **As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións**
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

## INFORMO

De conformidade co anteriormente exposto resulta procedente **iniciar un expediente de revogación da subvención outorgada** para a organización de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá (carpas) **a prol do Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares (CIF: G36617082)**, xa que, salvo proba en contrario, apréciase a concorrencia de determinadas circunstancias establecidas na Base 17ª da convocatoria que determinan a perda do dereito ao cobro da subvención, como é o incumprimento pola beneficiaria das seguintes obrigas:

1. Contar, cando menos, con:

*a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.[...]*

*2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso*

*3. [...] Indicar o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia" [...]*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### - Perda do dereito ao cobro

De acordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: *o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que*



## Concello de Vigo

*acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención; e a letra i) engade: nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

Xa que logo e, en consonancia co exposto no informe anteriormente transcrito, procedeuse mediante orde de inicio de expediente asinada polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de data **30/01/2020**, ao inicio do procedemento de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención outorgada a prol do **Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares** (CIF: 36617082) para a **“Montaxe de carpas no Encontro de Música Popular Galego-Portuguesa do 10 de agosto”**, por importe de **2.698,30 €**.

Mediante notificación asinada polo xefa de servizo en data **30/01/2020**, co conforme do concelleiro delegado de de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de 10 días a asociación puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

A recepción da devandita notificación realizouse con data 31/01/2020 (conforme o acuse que consta no expediente), polo que o prazo de presentación de alegacións remataría o 14/02/2020.

**Con data 5/02/2020 a entidade beneficiaria presenta vía rexistro telemático (número 200019489), un escrito de alegacións** onde se fai novamente referencia á documentación presentada o pasado 15/01/2020. Entre dita documentación, a entidade argumentaba o seguinte:

*“Que na fase de solicitude da subvención obxecto deste expediente, por mor das vacacións do persoal e dos directivos, de baixas laborais e pola premura do tempo de tramitación, cometemos varias imprecisións, que pasamos a explicar.*

*O Encontro de Música Popular Galego Portuguesa celebrouse dividido en dúas partes coas mesmas agrupación, a 1<sup>o</sup> día 10 de agosto, vencellada a Festa Veciñal do Monte dos Pozos e a 2<sup>a</sup> o 7 de setembro vencellada ó Revoltallo da Música na Carballeira do Pedregal... **Polo tanto a axuda que tiñamos solicitada era para Encontro da Música Popular do Revoltallo, que tivo lugar o 7 de setembro na Carballeira e non para o do día 10 de agosto no Monte dos Pozos...**”*

En base a este argumento, a entidade, **presenta unha nova memoria xustificativa que non se corresponde co proxecto subvencionado e aprobado pola Xunta de Goberno Local (“Montaxe de carpas no Encontro de Música Popular Galego-Portuguesa do 10 de agosto”) polo que continua sen quedar acreditado que, para o proxecto realmente subvencionado, a entidade contase coa pertinente autorización para a montaxe de carpas.**

Polo anteriormente exposto, debemos indicar que conforme coa entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a celebración de festas e eventos populares, na medida que comportan unha ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal afectados polo evento, require da preceptiva autorización da Administración.

Este réxime de control intensifícase cando o acto de ocupación comporta a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias, especialmente as que requiran da instalación de escenarios e estruturas móbiles (declaración responsable asinada polo titular da instalación etc...).

A ocupación temporal do sistema viario público para a celebración dun evento ou festa popular está suxeito ao control e autorización previa do departamento municipal de Seguridade e Mobilidade, de acordo ás competencias que esta Administración local ostenta no tocante ás funcións de tutela e actos de ocupación dos sistemas viarios e espazos de uso público da súa titularidade, así como en materia de seguridade cidadá, ordenación do tráfico de vehículos e de persoas en vías urbanas e en materia de espectáculos públicos.

**A entidade non acredita estas en posesión de autorización ningunha para o proxecto subvencionado polo que a tenor do previsto nas bases reguladoras , resulta procedente declarar decaída á interesada no seu dereito ao trámite e formular a proposta de acordo de perda do dereito ao cobro total da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamentación anteriormente exposta.**

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a



## Concello de Vigo

conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

**1º.- Declarar a perda total do dereito ao cobro da subvención outorgada á Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares (CIF: 366170821) unha subvención para “Montaxe de carpas no Encontro de Música Popular Galego-Portuguesa do 10 agosto”, por importe de 2.698,30 €, por incumprimento da Base 2ª.9.a), Base 7ª,e Base 13ª das bases reguladoras e convocatoria das subvencións para o *financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais (carpas), para o ano 2019* (expediente número 8921-320).**

A presente declaración da perda do dereito ao cobro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

**2º.- Notificar o presente acordo á interesada** no expediente, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(516).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ (2020)”. EXPTE. 9530/320.**

Visto o informe de fiscalización do 19/06/2020, dáse conta do informe-proposta de data 11/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución 23/10/19), polo concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

Con data 28 de maio de 2019, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciara a tramitación de expediente de “Bases reguladores das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2020”.

O obxecto destas subvencións é, colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades. Con carácter excepcional, estas axudas tamén permitirían atender a novas necesidades emerxidas no actual contexto de crise sanitaria provocada polo COVID-19, como a adquisición de material informático e audiovisual para a adaptación e implantación das novas tecnoloxías nas actividades asociativas, así como, a adecuación dos locais sociais ás novas condicións de seguridade.

### **1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA**

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.**

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, e así, atopamos os seguintes antecedentes máis inmediatos:

1. Ano 2019: Expte. Núm. 8627/320
2. Ano 2018: Expte. Núm. 8011/320
3. Ano 2017: Expte. Núm. 7754-320
4. Ano 2016: Expte. Núm. 7353/320
5. Ano 2015: Expte. Núm. 6973/320
6. ...

### **3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS**

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexerese polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.





## Concello de Vigo

### **4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS**

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 330.000,00 euros (trescentos trinta mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

- 180.000,00 € (cento oitenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 “Subvencións a entidades cidadás ” (Programa I “Gastos de mantemento”)
- 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros) con cargo a aplicación 9240 7800010 “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” (Programas II “Gastos de investimento: equipamento” e Programa III “Gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles”).

### **5. CONDICIÓN E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS E ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Esta convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e que traballen no ámbito sociocomunitario, de participación cidadá e das relacións cidadás, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de realizar (*dende o 1 de novembro de 2019 ata o 30 de setembro de 2020*) e que cumpran os requisitos enumerados na Base 2ª da norma reguladora da subvención, así como a finalidade ou obxectivo perseguido coa convocatoria.

Coa finalidade de coadxuvar ao cumprimento dos seus fins e ao desenvolvemento das súas actividades, a través desta convocatoria, se financian os seguintes programas, nos que se inclúen os gastos derivados das necesidades emerxidas como consecuencia do COVID-19:

- Programa I: “Gastos de mantemento”
- Programa II: “Gastos en investimento: equipamento”
- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”

### **6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA**

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 10ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

### **7. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a

Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 11ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 6 meses), e a notificación electrónica. Por último, as beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á subvención concedida, no prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da concesión da axuda, podendo ser a renuncia, total ou individual, por Programas, e a mesma será aceptada de plano pola administración, que declarará concluído o procedemento.

## **9. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar as presentes bases reguladoras da convocatoria e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **10. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de



## Concello de Vigo

dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.- APROBAR** a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das **“Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2020”**, de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do RMA, e que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento, tanto das súas actividades propias, como as derivas das medidas adoptadas como consecuencia do COVID-19, e por unha contía total de 330.000,00 € (trescentos trinta mil euros).

**SEGUNDO.- APROBAR**, como **modelos oficiais**, os 12 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitud
2. Anexo II: Programa de actividades para o ano 2020
3. Anexo III: Orzamento dos programas subvencionables
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI (opcional): Oposición expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Cartelería
8. Anexo VIII: Solicitud de aboamento do Programa I. Gastos de Mantemento
9. Anexo IX: Solicitud de aboamento do Programa II. Equipamento
10. Anexo X: Solicitud de aboamento do Programa III. Obras
11. Anexo XI: Memoria de actividades 2020 (ou equivalente)
12. Anexo XII: Renuncia

**TERCEIRO.- PUBLICAR**, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das **“Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2020”** en:

- a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao

art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).

- b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

**CUARTO.- AUTORIZAR** o gasto, por importe de **180.000,00 €** (cento oitenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables no Programa I (“Gastos de mantemento”) das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2020*”.

**QUINTO.- AUTORIZAR** o gasto, por importe de **150.000,00 €** (cento cincuenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “Subvencións Capital Asociacións e Atrios” do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos Programas II (“Gastos en investimento: equipamento”) e III (“Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”), das “*Subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2020*”.

**SEXTO.- RECURSOS:** contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2020**

A Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá convoca anualmente un programa de subvencións cuxos destinatarios son Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais que operen no movemento veciñal.

O obxecto destas subvencións é, colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades.

A contía total destinada a estas axudas para o vixente exercicio presupostario é de 330.000,00 euros. Considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de novembro de 2019 ata o 30 de outubro de 2020**, e que se encadren en algún dos seguintes programas:

- Programa I: Gastos de mantemento
- Programa II: Gastos en investimento. Equipamento.
- Programa III: Gastos en investimento. Obras e adquisición de Inmobles



## Concello de Vigo

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

### **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2020**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- Programa I: “Gastos de mantemento”
- Programa II: “Gastos en investimento: equipamento”
- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das asociacións veciñais e sociedades culturais, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Fomentar proxectos de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, os programas formativos nas propias sedes das asociacións.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edición de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.

- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que **operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións** (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

## SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, inscritas nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), que operen no movemento veciñal e traballen no ámbito sociocomunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, agás as excepcións reflectidas na base primeira, e que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 6.2.1 desta convocatoria.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado, en cuxo caso, a entidade solicitante achegará o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente, achegando a/s correspondente/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 de RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RXLS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior ("Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles").



## Concello de Vigo

### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, **son gastos subvencionables** os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 1 de novembro de 2019 ata a data de finalización do prazo de xustificación (30 de outubro de 2020)**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar, e que teñan acomodo nalgún dos dous programas obxecto de convocatoria:

**1- Programa I: “Gastos de mantemento”**: gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- Subministro de servizos: auga, electricidade, gas, teléfono, hosting e servizos web, alarma...
- Arrendamento do local social
- Xestión ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación, seguros, impostos propios...
- Limpeza, reparación de pequenas avarías e labores de conservación derivadas das instalacións
- Papelería, prensa, mantemento de equipos informáticos, consumibles...
- Os gastos de mantemento derivados do investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19.
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.

**2- Programa II :“Gastos en investimento: equipamento”**: equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens mobles inventariables (*considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade*);

- Material informático: PCs, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- Material audiovisual: proxector, cámaras de fotos/video...
- Equipamento de son, luz, escénico...
- Mobiliario de oficina e similares: mesas, cadeiras, estanterías...
- Material específico das actividades: material deportivo, menaxe, bricolaxe...
- Outro tipo de equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia do COVID-19.

Estes gastos son finalistas e a subvención atenderá soamente ao aprobado pola Xunta de Goberno Local, non admitíndose cambios na compra deste material que non fosen expresamente autorizados.

Deberá acreditarse mediante certificación do/a secretario/a da entidade que equipamento adquirido se incorporou ao inventario da entidade, con indicación expresa do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo, de dous anos.

### **3- Programa III: “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles”:**

- Adquisición, obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarios, destinados a mellorar a seguridade, accesibilidade, salubridade, supresión de barreiras arquitectónicas e similares, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas do COVID-19.
- Poderán incluírse, como gastos indirectos, ata un máximo dun 20% do orzamento achegado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrals, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo.

**En ningún caso, se aboará a subvención en concepto de obras, se a beneficiaria non conta coa preceptiva licenza municipal** ou, no seu caso, comunicación previa, de seren esixibles conforme a normativa urbanística.

No caso de adquisición, nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inmobles inventariables, inscribibles no Rexistro da Propiedade, deberá facerse constar na escritura, obrigatoriamente, o destino do/s bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin, que, como mínimo, será de cinco anos.

Cando o importe dos gastos exceda de 50.000 € para a execución da obra, ou de 18.000 €, no caso de subministro de bens de equipo ou prestación de servizos, a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista no mercado entidades suficientes que o subministren ou que o gasto tivera lugar antes da solicitude da subvención. A elección da oferta, que deberá xustificarse expresamente cando non recaia na proposta económica mais económica, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais





## Concello de Vigo

- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 330.000,00 € (trescentos trinta mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

**1.- Programa I: 180.000,00 €** (cento oitenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de **5.000 €**.

**2.- Programas II e III: 150.000 €** (cento cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €.

### QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCiónS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

**Non serán compatibles** con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

### SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base novena ("Solicitud e Documentación").

2.- Con carácter xeral:

- A non xustificación ou xustificación fóra de prazo, sen achegar renuncia, das subvencións obtidas durante o ano inmediatamente anterior ao desta convocatoria.
- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
- Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado
- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.

3.- No Programa III:

- Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o **contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e ou, non conte coa autorización expresa do propietario ou propietaria do local para levar a cabo devanditas obras.**
- Aqueles proxectos de obras realizadas en locais de titularidade municipal sen a previa autorización ou conformidade do departamento de Participación Cidadá.
- Aqueles proxectos de obras, pendentes de executar, en locais cedidos por outros entes públicos ou privados, e non se acredite a súa autorización expresa para realizar ditas obras.
- Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.

**SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**



## Concello de Vigo

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axudas na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados a que se refiren os Programas I, II e III, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de unidades de obra, servizo ou equipamento, comunicarse no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.
4. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades, as obras ou no equipamento adquirido, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o **Anexo VII (modelos de cartelería)** aprobado nesta convocatoria e que estarán a disposición no Servizo de Participación Cidadá para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2020 publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento e/ou investimento (equipamento e/ou obras) da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.
5. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
6. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
7. Contar coa preceptiva licenza municipal de obras ou, no seu caso, cando a actuación no estivese sometida a réxime de autorización, a oportuna comunicación previa, de seren esixibles conforme á normativa urbanística.
8. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
9. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
10. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
11. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
12. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
13. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

14. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos a raíz do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do Título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000,00 euros

#### **OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (*tramitación en liña*)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

#### **NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os/as solicitantes deberán presentar necesariamente os seguintes anexos e documentación complementaria:

#### **ANEXO I. SOLICITUDE**

1. Datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos interesados/as os avisos de posta a



## Concello de Vigo

disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

2. Información básica sobre protección de datos
3. Datos bancarios
4. Custe do proxecto presentado e importe da subvención solicitada
5. Datos do Rexistro Municipal de Asociacións
6. Información relativa á titularidade do local da entidade, autorizacións, fotografías e orzamento das obra previstas
7. Xestión económica e financeira da entidade no ano 2019
8. Sistemas de información, comunicación e publicidade do financiamento municipal (*conforme aos modelos do anexo VII de cartelería*)
9. Niveles de cooperación con outras entidades (*criterio de valoración*)
10. Sinatura dixital do/a representante lea da entidade

**ANEXO II. PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2020**, incluídas as xa realizadas e as pendentas de realizar e, que serven de fundamento para a concesión da subvención:

- descrición da actividade
- duración media da actividade
- categoría (formación, deporte, lecer, saídas culturais, artesanía, exposicións, ...)
- colectivo ao que se dirixe
- número de participantes (se xa se coñecen) e sector ou colectivo de poboación destinatario
- financiamento
- medios empregados (materiais e humanos)
- lingua empregada no desenvolvemento da actividade

### **ANEXO III. ORZAMENTO DOS PROGRAMA SUBVENCIONABLES**

Programas para os que solicita a subvención:

1. Detalle dos gastos do **Programa I**. Gastos xerais de mantemento
2. Detalle dos gastos do **Programa II**: Gastos en equipamento inventariables
3. Detalle dos gastos do **Programa III**: Obras

**Con respecto ao programa de obras**, deberá presentarse ademais:

- No suposto de locais arrendados, deberase presentar a **copia do contrato de alugamento** (*cunha duración como mínimo de 5 anos*) e a **autorización da persoa propietaria** do local para levar a cabo devanditas obras.

- No suposto de locais cedidos polo Concello de Vigo, a entidade peticionaria deberá marcar a cela correspondente de petición de **autorización do Servizo de Participación Cidadá**, como tramite previo para solicitar a preceptiva licenza municipal ou oportuna comunicación previa para acometer as obras de reforma ou melloras no local social de titularidade municipal.
- No suposto de locais cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberán presentar, igualmente, a **autorización expresa** de ditos entes para realizar as obras obxecto de subvención.
- **Reportaxe fotográfica** sobre os estado actual do/s espazo/s obxecto das obras:  
Antes das obras                      Despois das obras (no suposto de estar xa executadas)
- **Orzamento da obra** redactado pola empresa executora das obras, no que deberá reflectirse o importe da actuación por conceptos, desagregando, en todo caso, traballos, materiais e man de obra e, que deberá axustarse ao orzamento presentado na Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo no expediente de comunicación previa ou licenza urbanística.
- No momento da xustificación das subvencións recibidas, haberá que indicar o número de expediente ou copia da correspondente licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e no caso das comunicacións previas, o servizo de Participación Cidadá, solicitará un informe de conformidade emitido por dita Xerencia
- O inspector municipal poderá xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

#### **ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS**

#### **ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS**

#### **ANEXO VI (OPCIONAL): OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO.**

Este Anexo VI deberá presentarse asinado electronicamente só nos casos nos que que a entidade solicitante se opoña expresamente á consulta dos datos de identidade do/a representante legal e de se está ao corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social.

No caso de que a entidade solicitante se opoña expresamente, terá que presentar o documento de identidade correspondente e/ou as certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a 6 meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran..



## Concello de Vigo

O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recadar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recadar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

### **DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

**a) Traxectoria e antigüidade da entidade.-** Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

Ano 87 a 93	5
Ano 94 a 99	4
Ano 2000 a 2005	3
Ano 2006 a 2012	2
Ano 2013 a 2018	1
En adiante	0

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

Antigüidade: mais de 50 anos	5
26 a 50 anos	4
11 a 25 anos	3
5 a 10 anos	2
1 a 4 anos	1
0 anos	0

- b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

- Socios
 

Ata 500 socios	1
De 501 a 1000 socios	2
De 1001 a 1500 socios	3
De 1501 a 2000 socios	4
Mais de 2000 socios	5

- c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2019): Ata 5 puntos

Presuposto: Ata 10.000 €	5
De 10.001 a 50.000 €	4
Do 50.001 a 70.000 €	3
Do 70.001 a 100.00 €	2
Mais de 100.000 €	1

- Segundo a porcentaxe económica que chega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

Solvencia: Do 56% ata o 100%	1
Do 41% ata o 55%	2
Do 26% ata o 40%	3
Do 16% ata o 25%	4
Ata o 15%	5

- d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.





## Concello de Vigo

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.

Duración media dos programas ou grupos estables (máximo 8 puntos)

Ata 3 meses:	2 puntos
Ata 6 meses:	4 puntos
Ata 9 meses:	6 puntos
Ata 12 meses:	8 puntos

- B) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

Número de actividades formativas (máximo 8 puntos)

1-10 actividades:	2 puntos
11-20 actividades:	4 puntos
21-30 actividades:	6 puntos
Máis de 31 actividades:	8 puntos

- C) Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.

Número de actividades formativas (máximo 5 puntos):

1-3 programas:	2 puntos
4-7 programas:	3 puntos
8-11 programas:	4 puntos
12 ou mais programas:	5 puntos

- D) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si:	2 puntos
Non:	0 puntos
Parcial:	1 puntos

- E) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (máximo 2 anos):

0 entidades:	0 puntos
1-3 entidades ou colaboración puntual:	1 puntos
4 ou mais entidades ou colaboración estable:	2 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.

Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*gastos en mantemento, gastos en equipamento e gasto en obras*):

De 1 € a 1.000 €: 1 punto	De 4.001 a 4.500 €: 11 puntos
De 1.001 a 1.250 €: 2 puntos	De 4.501 a 5.000 €: 12 puntos
De 1.251 a 1.500 €: 3 puntos	De 5.001 a 5.500 €: 13 puntos
De 1.501 a 1.750 €: 4 puntos	De 5.501 a 6.000 €: 14 puntos
De 1.751 a 2.000 €: 5 puntos	De 6.001 a 6.500 €: 15 puntos
De 2.001 a 2.250 €: 6 puntos	De 6.501 a 7.000 €: 16 puntos
De 2.251 a 2.500 €: 7 puntos	De 7.001 a 8.000 €: 17 puntos
De 2.501 a 3.000 €: 8 puntos	De 8.001 a 9.000 €: 18 puntos
De 3.001 a 3.500 €: 9 puntos	[...]
De 3.501 a 4.000 €: 10 puntos	De 15.001 en adiante : 25 puntos

- Mellora da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : Ata 5 puntos

Porcentaxe do custe do proxecto adicado a esta finalidade: 100 %	5 puntos
Igual ou superior ao 75%	4 puntos
Igual ou superior ao 50 %	3 puntos
Igual ou superior ao 25 %	2 puntos
Menos do 25 %	1 punto

**g) Colaboración das entidade coa acción da Administración Local.** Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:
  - Ata 3 rexistros: 4 puntos
  - De 4 a 6 rexistros: 8 puntos
  - Mais de 7 rexistros: 10 puntos
- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas municipais nos que se participe, ata un máximo de 10 puntos.

**h) Xustificación das subvencións.-** Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas.

- Grao de cumprimento na presentación da documentación: Restarase un punto polo incumprimento da base 13ª:



## Concello de Vigo

*“Deberá presentarse electronicamente **unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento), IX (equipamento) e X (obras), cada unha das cales, será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XI: “Memoria de actividades 2019” ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.***

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no 2019
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos mais cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal técnico de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá
- 2 Vogais: A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no

artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnico, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.



## Concello de Vigo

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XII**, aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións do servizo de Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

12.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

### DÉCIMO SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incurrir a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

### DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 30 de outubro de 2020**. Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido nos **Anexos VIII, IX, e X** respectivamente, nos cales se inclúen, entre outros, os seguintes apartados:

1. **Declaración do representante da entidade na que declara baixo a súa responsabilidade que “responde da veracidade da información achegada, así como, que a documentación xustificativa dixitalizada que se presenta é fiel reprodución da documentación orixinal”**

2. **Relación clasificada dos gastos en cada un dos programas subvencionados:** en dita relación xustificárase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade. Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas e asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**

- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

**Deberá presentarse electronicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada para cada un dos Programas subvencionados, segundo os Anexos VIII (mantemento), IX (equipamento) e X (obras), cada unha das cales, será rexistrada e**



## Concello de Vigo

asinada electronicamente cun número de documento de entrada distinto, e presentarse como documento adxunto con cada unha das solicitudes de abono, o Anexo XI: "Memoria de actividades 2020" ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:

### 1. Anexo VIII. "Solicitud de aboamento do Programa I. Gastos de Mantemento"

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención
2. Datos do/ representante legal: no suposto de que dita representación non corresponda co/a presidente/a da entidade solicitante, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.
3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.
4. Detalle dos gastos xerais de mantemento, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado
5. Documentación complementaria:
  - Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse:
    - copia das correspondentes **nóminas**
    - o **Modelo 111** de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas **acreditacións bancarias de pago**.
    - **Tc2** (relación nominal de traballadores) e **Tc1** (xustificantes de pago de los recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social).
  - Cando se xustifiquen gastos de alugueiro, **Modelo 115** de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento
  - Cando se inclúan, como documentación orixinal, os recibos dos gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado (**póliza**).
  - Acreditar, mediante a presentación das fotografías correspondentes, a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo II ("Publicidade corporativa- cartelería")** desta convocatoria. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2020, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de mantemento da asociación, para o fomento das actividades sociocomunitarias e, en xeral, do asociacionismo e da participación cidadá.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **copia electrónica da resolución de concesión** das mesmas.

6. **Declaración responsable** (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non dedución do IVE, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación doutras subvencións).

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa I de Mantemento, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun “x” diante do documento cuxo “orixinal” se achega (*facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais*), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos “orixinais” presentados.

8. **Sinatura dixital do/a representante da entidade**

## 2. Anexo IX. “Solicitude de aboamento do Programa II. Equipamento”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal

3. Domicilio a efectos de notificación

4. Detalle dos gastos xerais de equipamento, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado

5. Documentación complementaria:

- **certificación do/a secretario/a** da entidade conforme o equipamento adquirido e subvencionado se incorporou ao seu inventario da entidade, con indicación expresa dos bens adquiridos e subvencionados e do fin concreto para o que se destinarán o/s ben/s subvencionado/s, e o período durante o cal quedarán afectados a dito fin, que será, como mínimo de 2 anos.

- **Reportaxe fotográfica** do equipamento subvencionado coa correspondente etiqueta identificativa do cofinanciamento municipal conforme o Anexo II. “Publicidade corporativa-cartelería”, así como, as fotografías que acrediten a exposición da cartelería nas instalación da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web.

- De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de





## Concello de Vigo

18.000 € no subministro de bens de equipamento ou prestación de servizos. Non serán esixibles cando os gastos se tiveran realizado con anterioridade á solicitude desta subvención.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

6. **Declaración responsable.**

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa II de Equipamento.

8. **Sinatura dixital do/a representante da entidade**

### 3. Anexo X. “Solicitude de aboamento do Programa III. Obras”

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal

3. Domicilio a efectos de notificación

4. Detalle dos gastos xerais das obras, por un importe igual ou superior ao custe do proxecto subvencionado

5. Documentación complementaria:

- **Reportaxe fotográfica** sobre o estado final do/s espazo/s obxecto das obras, así como, as fotografías que acrediten a exposición da cartelería nas instalacións da entidade e, de ser o caso, na súa páxina web, conforme ao Anexo II. “Publicidade corporativa-cartelería”.

- Indicar o número de expediente ou copia da correspondente **comunicación previa** presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo, coa finalidade de que o servizo de Participación Cidadá solicite un informe de conformidade emitido por dita Xerencia.

- No suposto de obras suxeitas a **licenza urbanística**, presentárase o número de expediente ou copia da licenza outorgada pola Xerencia Municipal de Urbanismo.

- No suposto de nova construción, rehabilitación e mellora integral de bens inventariables e inscribibles nun rexistro público, a **inscrición no Rexistro da Propiedade**. Na mesma deberá figurar, necesariamente, o destino do/s ben/s ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, o importe da subvención concedida e o período durante o cal a beneficiaria debe destinar o/s ben/s a dito fin que, como mínimo, será de cinco anos.

- Cando o obxecto subvencionado sexa a adquisición dun ben inmovible, deberá achegarse **escritura de compravenda**, na que deberán figurar os extremos indicados no apartado anterior.

- De ser o caso, os **tres orzamentos** que, en aplicación do art. 31.3 da LXS debe ter solicitado a beneficiaria, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 € na execución de obras. Non serán esixibles cando os gastos en obras se tiveran realizado con anterioridade á solicitude desta subvención.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 7*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica **da resolución de concesión** das mesmas.

**6. Declaración responsable.**

**7. Relación clasificada dos gastos subvencionados** no programa III de Obras.

**8. Sinatura dixital do/a representante da entidade**

**4. Anexo XI “Memoria de actividades 2020”**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

1. Breve referencia sobre en que medida a subvención, por cada un dos programas subvencionado, contribuíu ao desenvolvemento das actividades da entidade beneficiaria

2. Descrición das actuacións ou actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado

- Denominación da actividade
- Datas e lugar de celebración
- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)
- Nos cursos de formación (novas tecnoloxías, idiomas, educación...), detallarase, brevemente, o programa do curso xunto coa identificación do monitor
- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)
- Calquera outra documentación complementaria

**Este Anexo Xi) poderá substituírse por unha memoria de actividades en formato libre, sempre e cando, se inclúan os datos solicitados e se faga mención a cada unha das actividades detalladas no Anexo II) presentado no momento da solicitude (“Proxecto de Actividades”).**

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.



**Concello de Vigo**

#### **DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da referida Lei.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento e estudo da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, dando lugar a súa desestimación, desistimento ou caducidade da solicitude de aboamento, así como, a renuncia á subvención.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, por tratarse de gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude, admítense unha variación de ata un máximo do 15% no importe do proxecto de referencia no Programa I ("Gastos de Mantemento").

#### **DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida polo servizo de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

#### **DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados.

## **DÉCIMO SÉTIMA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCÍONS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

Procederá a revogación parcial, por Programas, cando os incumprimentos a que se refire o apartado anterior se produzan unicamente respecto dun dos Programas para os que obtivo subvención.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da Lei Xeral de Subvencións. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento



## Concello de Vigo

Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

### **DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do asociacionismo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### **DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## VIXÉSIMA.- PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

## CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2020

### PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás asociacións veciñais e sociedades culturais, sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, constituídas legalmente como tales, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentas de levar entre o **1 de novembro de 2019 ata o 30 de outubro de 2020**.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

- Programa I: “**Gastos de mantemento**”
- Programa II: “Gastos en investimento: **equipamento**”
- Programa III: “Gastos en investimento: **obras e adquisición de inmobles**”

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as **entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias



## Concello de Vigo

municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

### SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo nos termos establecidos na Base 6.2.1.
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos agás oposición expresa do interesado, en cuxo caso, a entidade solicitante achegará o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente, achegando a/s correspondente/s certificación/s que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 de RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RXLS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base oitava.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior ("Gastos de mantemento, equipamento e obras ou adquisición de inmobles").

### TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

**1- Programa I: "Gastos de mantemento":** gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- Subministro de servizos: auga, electricidade, gas, teléfono, hosting e servizos web, alarma...
- Arrendamento do local social
- Xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación, seguros, impostos propios...
- Limpeza, reparación de pequenas avarías e labores de conservación derivadas das instalacións
- Papelería, prensa, mantemento de equipos informáticos, consumibles...

- Os gastos de mantemento derivados do investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19.
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.

**2- Programa II : "Gastos en investimento: equipamento":** equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens mobles inventariables (considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade);

- Material informático: PCs, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- Material audiovisual: proxector, cámaras de fotos/video...
- Equipamento de son, luz, escénico...
- Mobiliario de oficina e similares: mesas, cadeiras, estanterías...
- Material específico das actividades: material deportivo, menaxe, bricolaxe...
- Outro tipo de equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia do COVID-19.

**3- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles":**

- Adquisición, obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarios, destinados a mellorar a seguridade, accesibilidade, salubridade, supresión de barreiras arquitectónicas e similares, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas do COVID-19.
- Poderán incluírse, como gastos indirectos, ata un máximo dun 20% do orzamento achegado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrals, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

**CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**





## Concello de Vigo

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **330.000,00 €** (trescentos trinta mil euros) distribuídos do seguinte xeito:

**1.- Programa I: 180.000,00 €** (cento oitenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de **5.000 €**.

**2.- Programas II e III: 150.000 €** (cento cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*” do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €.

### QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

**Non serán compatibles** con ningunha outra subvención que, para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria (fomento das actividades vía mantemento, investimento en equipamento e/ou investimento en obras) tivese outorgado a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

### SEXTA.- SOLICITUDE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (*tramitación en liña*)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por Internet). Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade.**- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos
- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

b) **Representatividade e área de influencia.**- Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2019): Ata 5 puntos
- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades.**- Ata 25 puntos.

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.
- Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.
- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.
- Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
- Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.



## Concello de Vigo

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

**e) Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas.**- Ata 30 por Programa.

- Custe do proxecto achegado para cada un dos Programas: Ata 25 puntos
- Mellora da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas ou tecnolóxicas: Ata 5 puntos

**f) Colaboración das entidade coa acción da Administración Local.** Ata 20 puntos

- Valorarase o número de rexistros tramitados na Xestión de Expedientes relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...): Ata 10 puntos
- Experiencia, traxectoria e participación en outros programas municipais: Ata 10 puntos

**g) Xustificación das subvencións.**- Ata 10 puntos

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas. Calculase tendo en conta a calidade da xustificación presentada e, se os proxectos subvencionados xustificáronse ao 100 % ou aplicóuselle algunha redución proporcional.

### **OITAVA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao persoal técnico de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención para cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá
- 2 Vogais: A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade

solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluirá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co NIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de 6 meses contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remítanse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar**, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo XII**, aprobado con estas bases.



## Concello de Vigo

### **NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

As beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 30 de outubro de 2020.** Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

### **DÉCIMA .- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa

vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

## **DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

As bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

## **EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO CONCELLO DE VIGO DE --/--/2020, POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2020.**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

## **PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS**



## Concello de Vigo

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as **entidades que operen no movemento veciñal e figuren inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

### SEGUNDO.- OBXECTO

A convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o **1 de novembro de 2019 ata o 30 de outubro de 2020**.

Considéranse programas necesarios para o normal funcionamento da entidade, para o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades sociais, os cales se pretenden fomentar, os seguintes:

**1- Programa I: "Gastos de mantemento":** gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes e das súas instalacións sociais, entendendo por tales, os que permitan o normal funcionamento das entidades veciñais beneficiarias, como por exemplo:

- Subministro de servizos: auga, electricidade, gas, teléfono, hosting e servizos web, alarma...
- Arrendamento do local social
- Xestoría ou asesoramento xurídico ou financeiro para trámites da propia asociación, seguros, impostos propios...
- Limpeza, reparación de pequenas avarías e labores de conservación derivadas das instalacións
- Papelería, prensa, mantemento de equipos informáticos, consumibles...
- Os gastos de mantemento derivados do investimento na adaptación da actividade asociativa á normativa de protección e prevención fronte ao COVID-19.
- Admitiranse, ademais, como gastos indirectos, os gastos do persoal contratado para a xestión e administración do local social, ata un máximo dun 10% adicional do importe do proxecto de gastos directos.

**2- Programa II : "Gastos en investimento: equipamento":** equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens mobles inventariables (considerase material inventariable, aquel que non é susceptible dun rápido deterioro polo seu uso, formando parte do inventario da entidade);

- Material informático: PCs, portátiles, periféricos e complementos, software a medida...
- Material audiovisual: proxector, cámaras de fotos/video...
- Equipamento de son, luz, escénico...
- Mobiliario de oficina e similares: mesas, cadeiras, estanterías...
- Material específico das actividades: material deportivo, menaxe, bricolaxe...
- Outro tipo de equipamento que puidese ser preciso coa finalidade de garantir a continuidade ou adaptación de novos servizos á cidadanía como consecuencia do COVID-19.

### 3- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles":

- Adquisición, obras de nova construción, reforma, rehabilitación ou conservación de bens inmobles e instalacións sociocomunitarios, destinados a mellorar a seguridade, accesibilidade, salubridade, supresión de barreiras arquitectónicas e similares, situados no termo municipal de Vigo, ocupados, tanto en réxime de propiedade privada, de cesión (pública ou privada) ou en réxime de alugueiro, executadas ou pendentes de executar pola entidade beneficiaria, tanto con fondos propios como coa colaboración doutras entidades públicas e privadas.
- Inversións realizadas nas instalacións e no entorno dos locais sociais como consecuencia das medidas adoptadas para dar cumprimento ás esixencias derivadas do COVID-19.
- Poderán incluírse, como gastos indirectos, ata un máximo dun 20% do orzamento achegado, os desembolsados no proxecto, estudos previos, obtención de licenzas e permisos, impostos, gastos notariais e rexistrais, e similares, sempre que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e sexan indispensables para a adecuada execución ou preparación da mesmo.

### TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2020, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

### CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de 330.000,00 € (trescentos trinta mil euros), distribuídos do seguinte xeito:

**1.- Programa I: 180.000,00 €** (cento oitenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás" do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de **5.000 €**.

**2.- Programas II e III: 150.000 €** (cento cincuenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240.7800010, chamada "Subvencións Capital Asociacións e Atrios" do vixente exercicio orzamentario. A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, os 5.000 € en equipamento e no programa de obras o 80% do custe total do proxecto ou, en todo caso, os 15.000 €.

### QUINTA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo, de medios electrónicos (tramitación en liña)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet).





## Concello de Vigo

Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **16(517).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DEZANOVE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 35871/220.**

Visto o informe de fiscalización do 25/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Con data de sinatura electrónica, a Xefatura do Servizo de Educación, coa conformidade do Concelleiro de Educación, remite oficio tendo en conta as actuais e excepcionais circunstancias provocadas polo Covid-19, que constan na referida solicitude, coa finalidade de xustificar a data de incorporación, e manifestando que dado que o período estival é un período non lectivo sen presenza de escolares, que resulta idóneo para efectuar as funcións de posta a punto das tarefas esenciais de mantemento preventivo e ordinario diario, cara ao normal escomenzo do seguinte curso lectivo escolar en setembro (lixado e pintado elementos metálicos exteriores e espazos interiores, traballos albañilería e carpintería, xardiñería con poda e desbroces...); solicítase a incorporación dos 19 oficiais de instalacións municipais a partires do 06 de xullo dos correntes, por un período de 6 meses.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 03/06/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna, durante un período de seis meses.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítese informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación*



## Concello de Vigo

*autonómica de desenvolvemento, en todo caso esta última só é aplicable a los entes locais una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

### **II.-Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu

nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.300-oficial de instalacións), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



## Concello de Vigo

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da xefa de servizo de Educación coa conformidade do Concelleiro competente, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente, si tivo en conta as actuais e excepcionais circunstancias provocadas polo Covid-19, que constan na referida solicitude, coa finalidade de xustificar a data de incorporación dos oficiais, manifestando que dado que o período estival é un período non lectivo sen presenza de escolares, que resulta idóneo para efectuar as funcións de posta a punto das tarefas esenciais de mantemento preventivo e ordinario diario, cara ao normal comenzo do seguinte curso lectivo escolar en setembro (lixado e pintado elementos metálicos exteriores e espazos interiores, traballos albañilería e carpintería, xardiñería con poda e desbroces...); solicitáronse así os 19 oficiais de instalacións para o 06 de xullo dos correntes, por un período de 6 meses. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### V.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dezanove oficiais de instalacións para o Servizo de Educación, supón un gasto de **235.670,87 €** (da referida cantidade 229.212,01€, corresponde a presente exercicio e, 6.458,86€ ao vindeiro exercicio 2021), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **88.946,04 €** (da referida cantidade 86.485,16€, corresponde a presente exercicio e, 2.460,88€ ao vindeiro exercicio 2021) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020 (5,8387 meses) e a do vindeiro orzamento 2021 (0,1613 meses), no que respecta a retribucións e, a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

### VI. -Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais Instalacións a, C Elexpuru Pacheco con dni \*\*\*9845\*\*, a M J Fouz Ares con dni \*\*\*3886\*\*, a M Rodríguez González con dni \*\*\*4135\*\*, a N Freitas Rodríguez con dni \*\*\*0474\*\*, a T Sanromán González con dni \*\*\*7786\*\*, a A López Costas con dni \*\*\*2088\*\*, a D López Davila con dni \*\*\*4487\*\*, a R Seoane Liberata con dni \*\*\*7402\*\*, a D Alberdi Iglesias con dni \*\*\*5479\*\*, A Vigo Bao con dni \*\*\*9498\*\*, a E Amor Villar con dni \*\*\*7115\*\*, a J Lago López con dni \*\*\*1835\*\*, a J F Argibay García con dni \*\*\*1656\*\*, a J Vázquez Rodríguez con dni \*\*\*3241\*\*, a M Quiroga Villar con dni \*\*\*2874\*\*, a J M<sup>a</sup> Rodríguez Lago con dni \*\*\*0846\*\*, a C Garcia Veloso con dni \*\*\*5088, a J Sánchez Figueroa con dni \*\*\*3379\*\*, a e P Bermudez García con dni \*\*\*7392\*\* de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## **VII. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia, tendo en conta as actuais e excepcionais circunstancias provocadas polo Covid-19, do nomeamento de dezanove funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais de instalacións** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Educación**, contidas no escrito de data 01/06/2020.

En consecuencia, autorizar o gasto por importe de **235.670,87 €** (da referida cantidade 229.212,01€, corresponde a presente exercicio e, 6.458,86€ ao vindeiro exercicio 2021), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **88.946,04 €** (da referida cantidade 86.485,16€, corresponde a presente exercicio e, 2.460,88€ ao vindeiro exercicio 2021) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.



## Concello de Vigo

Elo, con cargo a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020 (5,8387 meses) e a do vindeiro orzamento 2021 (0,1613 meses), no que respecta a retribucións e, a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como oficiais de instalacións municipais a: C Elexpuru Pacheco con dni \*\*\*9845\*\*, a M J Fouz Ares con dni \*\*\*3886\*\*, a M Rodríguez González con dni \*\*\*4135\*\*, a N Freitas Rodríguez con dni \*\*\*0474\*\*, a T Sanromán González con dni \*\*\*7786\*\*, a A López Costas con dni \*\*\*2088\*\*, a D López Davila con dni \*\*\*4487\*\*, a R Seoane Liberata con dni \*\*\*7402\*\*, a D Alberdi Iglesias con dni \*\*\*5479\*\*, A Vigo Bao con dni \*\*\*9498\*\*, a E Amor Villar con dni \*\*\*7115\*\*, a J Lago López con dni \*\*\*1835\*\*, a J F Argibay García con dni \*\*\*1656\*\*, a J Vázquez Rodríguez con dni \*\*\*3241\*\*, a M Quiroga Villar con dni \*\*\*2874\*\*, a J M<sup>a</sup> Rodríguez Lago con dni \*\*\*0846\*\*, a C Garcia Veloso con dni \*\*\*5088, a J Sánchez Figueroa con dni \*\*\*3379\*\*, a e P Bermudez García con dni \*\*\*7392\*\*, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-oficiais de instalacións), sendo adscritos/as ao Servizo de Educación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, á Xefatura de servizo de Educación, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **17(518).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPTE. DE NOMEAMENTO INTERINO DE UNHA OPERADORA INFORMÁTICA PARA O SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 35610/220.**

Visto o informe de fiscalización do 08/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 03/06/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de data 21/05/2020, foi aprobada a Proposta do nomeamento interino dunha operadora informática para o Servizo de Administración electrónica.

II.- De oficio detectouse erro aritmético na proposta da Área de RRHH e Formación de data 14/05/2020 (punto V dos fundamentos xurídicos e punto segundo da proposta de acordo), e consecuentemente no acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 21/05/2020, anteriormente referido.

Así, no punto V se fai constar que *“o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses do operador de informática, supón un gasto de 26.073,16 €, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 6.902,16 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: 32.975,32 €.”* Cando o gasto é de 13.036,58 €, *ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.451,08 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: 16.487,66 €.*

Consecuentemente, no punto segundo da proposta do acordo, debe constar: *“autorizar o gasto por importe de 13.036,58 €, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.451,08 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: 16.487,66 €”*

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**PRIMEIRO.-** Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Detectado de oficio o erro referido no punto II dos antecedentes de este informe procede a rectificación do punto V dos fundamentos xurídicos da proposta de acordo de data 14/05/2020, e da proposta da XGL de data 21/05/2020, debendo constar *“o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses do operador de informática, supón un gasto de 13.036,58 €, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.451,08 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: 16.487,66 €.”*

Igualmente, procede a rectificación do punto segundo da proposta de acordo e acordo da XGL de 21/05/2020: *“autorizar o gasto por importe de de 13.036,58 €, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.451,08 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: 16.487,66 €”.*





## Concello de Vigo

En consecuencia, e o abeiro das competencias que da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal (Delegación competencial por Decreto da Alcaldía e Acordo da XGL de 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase a Xunta de Goberno Local, a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar, en base aos informes emitidos no expediente, o erro detectado na proposta da Área de RRHH e Formación de data 14/05/2020 e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/05/2020, polo que se aproba a Proposta do nomeamento interino dunha operadora informática para o Servizo de Administración electrónica.

No punto V dos fundamentos xurídicos da proposta de acordo de data 14/05/2020, e da proposta da XGL de data 21/05/2020, debe constar *“o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses do operador de informática, supón un gasto de 13.036,58 €, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.451,08 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: 16.487,66 €.”*

No punto segundo da proposta de acordo e acordo da XGL de 21/05/2020: debe constar: *“autorizar o gasto por importe de de 26.073,16 €, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 6.902,16 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Coste total: 32.975,32 €”.*

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(519).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR DE TAXI Nº 2980. EXPTE. 2542/449.**

Dáse conta do informe-proposta do 15/06/2020, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN :**

-Texto consolidado da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordo plenario de data 5 de setembro de 2018.

-Lei 4/2013 de 30 de maio de 2013 de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia

-Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 4/2013, de 30 de maio.

## ANTECEDENTES

Na data 12 de maio de 2019, os axentes da Policía Local nº **294515** e **294521** subscriben Parte de Servizo no que fan constar o seguinte:

*“ A usted dan parte los policías que suscriben informando:*

*Que el día de la fecha, en la Avda. Ramón Nieto, se observa de servicio con bandera verde, al taxi licencia 469, matrícula **8965 JDY**, marca **DACIA LOGAN**, realizar una infracción “cambio de sentido”, que se le da el alto en la c/ Jenaro de la Fuente nº 27 y se le observa signos de haber consumido sustancias estupefacientes.*

*Que se le requiere para realizar la prueba de tóxicos, arrojando un resultado positivo en “co-caína y anfetamina”, que se le propone para sanción nº exp **201951500378-6**.*

*Que el conductor J. M. Rodríguez Domínguez con DNI 36\*\*\*\*20J, nacido el 14/03/1971, con permiso municipal nº 2980, expedido el 12/08/2009, siendo esta persona un asalariado de la licencia 469 de la que es titular Abelardo Alvarez Fernández*

*Que se solicita que se informe de lo ocurrido al departamento de Movilidad y Seguridad del Ayuntamiento de Vigo. ”*

O 14 de maio de 2019 incóase expediente sancionador ó titular do permiso municipal de taxi nº 2980 e condutor da licenza municipal de taxi nº 469, naquel momento, D. J.M. RODRIGUEZ DOMINGUEZ, pola comisión dunha falta moi grave consistente en conducir baixo a influencia de opiáceos, por dar positivo no control de substancias estupefacientes realizado o día 12 de maio de 2019 polos axentes da Policía Local nº 294515 e 294521, de conformidade co disposto no artigo 46.ñ) da Ordenanza municipal reguladora de servizo de taxi.

No apartado segundo da resolución ditada acórdase o seguinte :

SEGUNDO .- Iniciar expediente de caducidade do permiso municipal de taxi nº **2980** e acordar como medida cautelar provisional, ó amparo do artigo 56.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a suspensión provisional dos efectos do permiso municipal de condutor de taxi nº **2.980**, do que é titular D. J. M. RODRIGUEZ DOMINGUEZ, con DNI 36\*\*\*\*20J, considerando que se trata da prestación dun servizo público e a fin de evitar os posibles perxuízos para os usuarios do mesmo, dada a gravidade da conduta denunciada e a peligrosidade que se pode derivar da mesma, debendo entregar o permiso municipal no prazo de 24 horas, a partir do seguinte día ao de recibo da notificación.

Notifícase a incoación do citado expediente na data 15 de maio de 2019, da maneira prevista na lexislación administrativa que regula o procedemento administrativo común e o interesado presenta o 31 de maio de 2019, en tempo e forma, alegacións nas que declara que foi algo puntual e que o seu consumo tiña sido vinte e catro horas antes da proba practicada pola Policía Local, polo que considera que non conducía baixo ningún efecto de estupefacientes.



## Concello de Vigo

O 3 de outubro de 2019 foi emitida Proposta de Resolución asinada pola instructora do expediente, por comisión dunha falta de carácter moi grave, desestimando as alegacións propostas polo interesado no seu primeiro punto, e propoñendo a caducidade do permiso municipal de condutor de taxi nº 2980 e imposición dunha sanción de 2001 €.

Intentada a notificación da citada Proposta de Resolución, sendo esta infrutuosa, publicouse a comunicación ó interesado no Boletín Oficial do Estado de data 3 de febreiro de 2020, nº 29.

De conformidade co disposto no artigo 49 da vixente Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, ademais dan sancións, poderá declararse a caducidade do permiso municipal do condutor por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento ou as que resulten necesarias para o exercicio da actividade.

Considérase que no presente caso procede declarar a caducidade do permiso municipal de condutor de taxi nº 2980, dada a gravidade da infracción cometida en relación coa prestación dun servizo público, correspondendo ao Concello vixiar e comprobar que o servizo de taxi, se preste cumprindo todas as medidas de seguridade en relación cos usuarios.

O artigo 4 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, no parágrafo 4 do apartado b, establece que é competencia da Xunta de Goberno Local o coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

Visto o anteriormente exposto, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

**Declarar a caducidade do permiso municipal de condutor de taxi nº 2980, do que é titular D. J.M. RODRIGUEZ DOMINGUEZ**, pola comisión dunha falta moi grave consistente en conducir baixo a influencia de opiáceos, por dar positivo no control de sustancias estupefacientes realizado o día 12 de maio de 2019 polos axentes da Policía Local nº 294515 e 294521, de conformidade co disposto no artigo 46.ñ) e 49 da Ordenanza municipal reguladora de servizo de taxi, aprobada na data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordo plenario de 5 de setembro de 2018.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(520).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE COLABORACIÓN INTEGRAL NA XESTIÓN RECADADORA DO CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE SISTEMAS DE COBRO: PRESENCIAL, AUTOSERVIZO E TELEMÁTICO, ASÍ COMO A PRESTACIÓN DE SERVIZOS BANCARIOS DE PAGOS E APERTURA DUNHA OFICINA INSTITUCIONAL. EXPTE. 16026/541.**

Visto o informe xurídico do 18/06/2020 e o informe de fiscalización do 23/06/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/06/2020, asinado polo tesoureiro municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **I.- Antecedentes**

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 15 de abril de 2016, aprobou o Prego de prescricións técnicas e de Cláusulas Administrativas particulares, para a contratación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bancarios para a colaboración integral na recadación dos ingresos Patrimoniais e de Dereito Público do Concello de Vigo, e de ser o caso, dos seus Organismos Autónomos dependentes, mediante a súa centralización na Entidade Financeira adxudicataria, que actuará como Entidade Financeira Xestora única, así como o modelo tipo de convenio a asinar coas entidades colaboradoras que acepten a condición na oferta que presenten.

2.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión do 5 de agosto de 2016, acordou adxudicar á entidade de depósito ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, por un prazo de 4 anos para prestar os servizos de colaboración integral na xestión recadadora do Concello de Vigo, prestación de servizos bancarios de pagos e apertura dunha oficina institucional nas dependencias do Concello.

3.- O contrato administrativo formalizouse o 30 de agosto, sendo o prazo de catro anos, contados a partires do 1 de setembro de 2016.

4.- A cláusula CUARTA do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu a adxudicación do procedemento aberto para a contratación dos servizos bancarios do Concello de Vigo a que nos estamos a referir, dispón que o prazo de duración do contrato será de catro anos contados a partir da data da súa formalización. No entanto, poderá ser obxecto de prórrogas anuais por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, sen que a vixencia total do contrato incluídas as prórrogas poida exceder de seis anos.

Se o adxudicatario non tivese intención de proceder á prórroga, deberá comunicalo formalmente ao Concello cunha antelación mínima de SEIS MESES.

Este servizo non ten coñecemento de comunicación algunha por parte da entidade financeira, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, de denuncia do contrato e polo tanto, de rexeitamento da prórroga do contrato.

5.- A Xunta de Goberno en sesión do 5 de agosto de 2016, aceptou as condicións de entidades colaboradoras unha vez que se asine o convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, ás entidades financeiras seguintes:

- BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A.
- BANCO PASTOR, SAU.
- BANCO SANTANDER, S.A.
- BANCO DE SABADELL, SA

Con posterioridade, adheríronse como entidades colaboradoras ao convenio aprobado as seguintes Entidades:

- CAIXABANK, SA.
- IBERCAJA, BANCO, SA.
- NOVO BANCO.
- BBVA.



## Concello de Vigo

6. O contrato formalizado coa entidade xestora ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA , ten o seu vencemento o 31 de agosto do ano en curso.

En canto á vixencia dos convenios asinados coas entidades colaboradoras, a súa vixencia está asociada á do contrato da Entidade Xestora.

### II.- Fundamentos xurídicos

**1.-** O réxime xurídico da tesourería das entidades locais atópase regulamentado nos artigos 194 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que dispoñen que constitúen a tesourería das entidades locais todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, da entidade local, tanto por operacións orzamentarias como extrapresupostarias.

**2.-** Con respecto ás funcións encomendadas ás tesourerías locais, o artigo 196 da LRFL, establece que son as seguintes:

- a) Recadar os dereitos e pagar as obrigas.
- b) Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
- c) Distribuír no tempo as dispoñibilidades dinerarias para a puntual satisfacción das obrigacións.
- d) Responder dos avais contraídos.
- e) Realizar as demais que se deriven ou relacionen coas anteriormente numeradas.

**3.-** Pola súa beira, o artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, regula as funcións de tesouraría e recadación, comprendendo as seguintes:

#### 1. Da Tesourería

- a) A titularidade e dirección do órgano correspondente da Entidade Local.
- b) O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes e, en particular:

1.º A formación dos plans, calendarios e orzamentos de Tesouraría, distribuíndo no tempo as dispoñibilidades dinerarias da Entidade para a puntual satisfacción das súas obrigacións, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme aos acordos adoptados pola Corporación, que incluírán información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

2.º A organización da custodia de fondos, valores e efectos, de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.

3.º A realización dos cobros e os pagos de conformidade co disposto na normativa vixente, o Plan de Disposición de Fondos e as directrices sinaladas pola Presidencia, autorizando xunto co computador de pagos e o interventor os pagos materiais contra as contas bancarias correspondentes.

4.º A subscrición das actas de arque.

- c) A elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigacións de cada Entidade Local.

d) A dirección dos servizos de xestión financeira da Entidade Local e a proposta de concertación ou modificación de operacións de endebedamento e a súa xestión de acordo coas directrices dos órganos competentes da Corporación.

e) A elaboración e acreditación do período medio de pago a provedores da Entidade Local, outros datos estatísticos e indicadores de xestión que, en cumprimento da lexislación sobre transparencia e dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, gasto público e morosidade, deban ser fornecidos a outras administracións ou publicados na web ou outros medios de comunicación da Entidade, sempre que se refiran a funcións propias da tesouraría.

## *2. Da xestión e recadación*

a) A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.

b) O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.

c) A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.

d) Ditar a providencia de prema nos expedientes administrativos deste carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a poxa de bens embargados.

e) A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadadora.

**4.-** O artigo 14 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, por lo que se aproba o Regulamento xeral de Recadación, establece que os ingresos na Tesourería pódese facer a través de entidades de crédito que presten servizo de caixa e con entidades colaboradoras, correspondendo esta función aos bancos, caixas de aforro e as cooperativas de crédito.

**5.-** Para a realización efectiva destas funcións, o artigo 197 do TRLRFL autoriza ás entidades locais a concertar os servizos financeiros da súa tesourería con entidades de crédito e aforro, mediante a apertura dos seguintes tipos de contas:

a) Contas operativas de ingresos e pagos.

b) Contas restrinxidas de recadación.

c) Contas restrinxidas de pagos.

d) Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.

**6.-** Para garantir o cumprimento do previsto no artigo 196 do TRLRFL, o artigo 199 da norma, dispón que as entidades locais poderán concertar, con calquera entidades financeiras, operacións de tesourería para cubrir déficits temporais de liquidez derivados das diferenzas de vencementos dos seus pagos e ingresos. No apartado 2. deste precepto, tamén establece a posibilidade de rendibilizar os excedentes temporais de tesourería mediante investimentos que reúnan as condicións de liquidez e seguridade.

**7.-** Con carácter xeral, as Tesourerías das Administracións Públicas, e a do Concello de Vigo en particular, debido ó elevado montante dos fondos xestionados e o crecente volume de transaccións realizadas, precisan inescusablemente dos servizos de intermediación prestados polas institucións financeiras, entre outros motivos, polas garantías de fiabilidade, estabilidade, certeza e confianza que ofrecen as transaccións realizadas a través das



## Concello de Vigo

entidades de depósito fronte á escasa seguridade que ofrecen os movementos de numerario realizados a través das tradicionais caixas de caudais, así como pola facilidade operativa dos instrumentos bancarios de cobro e pago. Ademais do anterior, tendo en conta os procesos de normalización e estandarización que operan nas transaccións pola aplicación dos cadernos e normas da AEB, caderno 34-14 para as transferencias e cheques, así como para todo o sistema de de ingresos (caderno 60, 19-14, 57 e 63), a intermediación das institucións financeiras nos procesos de movementos de cobros e pagos resulta imprescindible, non só para a administración senón para os contribuíntes e para os provedores e subministradores.

**8.-**O servizo regulado, segundo se fai constar na xustificación e necesidade do contrato, ten que atender a unha maior eficiencia, a este efectos, esta ven determinada polas seguintes variables:

- Ausencia de custe na prestación, xa que o obxectivo é o dunha prestación sen custe.
- Máis facilidades ao contribuínte para facer fronte a extinción da débeda.
- Maior rapidez nos procesos e procedementos de pago aos provedores e subministradores.
- Por a disposición dos contribuíntes e do persoal municipal unha oficina xestora nas dependencias institucionais para dar servizo bancario e financeiro.
- Por ao servizo dos contribuíntes unha tecnoloxía e medios materias e humanos que satisfaga mellor as súas necesidades.

Na actualidade non se utiliza os sistema de pagos mediante a entrega en efectivo. Os pagos realízanse todos mediante transferencias con soportes ou ficheiros informáticos que garanten a súa integridade e seguridade cos procedementos establecidos no caderno 34-14 da AEB con adaptación ao SEPA. No ano 2019, última liquidación aprobada, segundo a información remitida ao Ministerio de Facenda, en relación co calendario final de Tesourería, os movementos acumulados foron os seguintes:

<b>Cob. Orzamt.</b>	<b>Cob. Non orza.</b>	<b>Total cobros</b>	<b>Pag. Orzamento.</b>	<b>Pag. Non orza.</b>	<b>Total pagos</b>
251.522.905,1 1	65.341.532,1 6	316.864.437, 27	244.840.003,9 2	68.236.126,4 4	313.076.130, 36

### **III. Prestación dos servizos correspondente ao contrato**

A prestación dos servizos contidos no contrato ten o seguinte alcance:

1.- Cobro a través de toda a rede de sucursais da Entidade Financeira adxudicataria dos recursos municipais durante todo o seu horario de apertura e atención ao público, sen restricións.

2.- Actuación como Entidade Financeira XESTORA na devandita colaboración integral, recibindo do Concello os padróns ou listados cobratorios e realizando, a súa costa e ao seu cargo, as seguintes actuacións:

- A edición ou impresión dos recibos non domiciliados (para o seu pago por portelo), ensobrado dos mesmos e distribución.
- A edición e impresión dos avisos de cargo en conta e a distribución dos mesmos aos domicilios fiscais dos obrigados ao pago que se lle indiquen, xa sexa mediante o servizo de Correos ou outros operadores postais.
- A expedición de duplicados no caso de que o obrigado ao pago ou o terceiro que desexe facer fronte ao mesmo non recibise o devandito documento por perda, extravío, etc.
- Expedición da carta de pago dos recibos que estean en período executivo de apremio ordinario que o contribuínte solicite á entidade financeira.
- A relación coas Entidades Financeiras colaboradoras que o Concello autorice.
- A rendición de contas de forma centralizada, tanto da súa recadación como a das Entidades Financeiras colaboradoras autorizadas

3.- Comunicación de cobros e traspasos das contas restrinxidas á operativa, de conformidade coas instrucións que se reciban da Tesourería municipal, conforme á normativa do Caderno 60, en todas as súas modalidades segundo a versión vixente en cada caso, caderno 57 vixente en cada momento ou en calquera outro caderno que substitúa os anteriores.

4.- As xestións de tramitación de domiciliacións que se lle encomenden, caderno 19.14, versión vixente.

5.- A xestión dos cobros feitos no portelo das entidades de crédito (Xestora e colaboradoras), caderno 57

6.- A xestión de embargos de contas cos procedementos centralizados, caderno 63, versión vixente.

7.- Os servizos de pagos de acordo co previsto no caderno 34-14 do CSP/AEB.

#### **IV.- Cumprimento e satisfacción do servizo**

O obxecto contractual ten sido desenvolvido a plena satisfacción da institución e do responsable do contrato, desenvolvendo ferramentas informáticas que melloran a xestión e que en algún caso non estaban previstas no contido do obxecto contractual.

Así mesmo, as relacións técnicas e de cumprimento das ordes que emite o servizo de tesoureira e recadación son adecuadas.

O mesmo criterio é o mantido para as relacións que a Entidade Xestora está a manter coas Entidades colaboradoras.

En relación ás entidades colaboradoras, a súa adaptación aos cambios técnicos introducidos o nivel técnico de desenvolvemento e xestión das funcións propias e a a preocupación pola mellora continua, tamén evidencia o compromiso das entidades na colaboración coa Institución Concello de Vigo.





## Concello de Vigo

En resumo, tendo en conta os antecedentes, fundamentos xurídicos expostos e o grao de cumprimento do contrato e satisfacción do rendemento obtido, o funcionario que subscribe estima que debe prorrogarse de forma expresa o contrato formalizado coa entidade de depósito en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula cláusula CUARTA do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares, polo que, formula a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa o contrato formalizado coa entidade de depósito ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA, en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula cláusula CUARTA do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu o procedemento aberto, do Contrato de colaboración integral na xestión recadadora do Concello de Vigo, mediante sistemas de cobro: presencial, autoservizo e telemático, así como a prestación de servizos bancarios de pagos e apertura dunha oficina institucional.

SEGUNDO.- O prazo de prórroga do contrato terá vixencia entre o 1 de setembro do ano 2020 até o 31 de agosto do ano 2021.

TERCEIRO.- Os convenios asinados coas Entidades colaboradores BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A, BANCO PASTOR, SAU, BANCO SANTANDER, S.A, BANCO DE SABADELL, SA, CAIXABANK, SA, IBERCAJA, BANCO, SA, NOVO BANCO e BBVA, tamén se prorrogan polo mesmo prazo.

CUARTO.- Unha vez adoptado o acordo, notificarase á entidade xestora e as colaboradoras.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Informe sobre o recurso especial presentado contra o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a “contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo”. Expte. nº 12887/446.

- Expediente de contratación de servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura. Expte. 2644/341.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**20(521).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE.12887/446.**

Dáse conta do informe-proposta de data 01/07/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).



## Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano,e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano,e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo (PPT).

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 14 de maio de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano,e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 18 de maio de 2020, publicouse o anuncio de licitación deste procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, e rematando o 15 de xuño de 2020.

**Terceiro.-** En data 12 de xuño de 2020, ó fío de alegacións presentadas polos interesados durante o prazo de presentación de ofertas, o órgano de contratación acordou modificar determinados aspectos do expediente de contratación e *“Iniciar un novo prazo de presentación de ofertas de 15 días de duración a contar desde o día seguinte á aprobación deste acordo”*.

**Cuarto.-** En data 12 de xuño de 2020, o servizo de Contratación enviou a Oficina de Publicacións do Diario Oficial da Unión Europea o anuncio indicando o inicio dun novo prazo de presentación de ofertas. Publicouse no DOUE o día 16 de xuño de 2020, co número de anuncio 280082-2020-ES.

**Quinto.-** En data 26 de xuño de 2020, D. Xosé Lois Román Rodríguez, en escrito presentado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).

**Sexto.-** En data 1 de xullo de 2020, a adxunta o xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

**Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen o procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo.

**-II-**

**Lexislación aplicable**

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**-III-**

**Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.



## Concello de Vigo

- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

➤ A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

### -IV-

#### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.

- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Citaremos por todas a Resolución 17/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta De Andalucía:

*“Con carácter previo al estudio de la cuestión de fondo, procede abordar la legitimación de la organización sindical recurrente para la interposición del presente recurso especial contra la resolución del órgano de contratación, de 27 de diciembre de 2019, por la que se adjudica el presente contrato a la entidad FERROVIAL. Sobre lo anterior, el artículo 48 de la LCSP establece «Podrá interponer el recurso especial en materia de contratación cualquier persona física o jurídica cuyos derechos o intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso». En lo relativo a las organizaciones sindicales el citado precepto en su párrafo segundo dispone «Estarán también legitimadas para interponer este recurso, contra los actos susceptibles de ser recurridos, las organizaciones sindicales cuando de las actuaciones o decisiones recurribles pudiera deducirse fundadamente que estas implican que en el proceso de ejecución del contrato se incumplan por el empresario las obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación». Sobre la legitimación activa de las organizaciones sindicales para la interposición del recurso especial en materia de contratación este Tribunal ha partido (v.g. Resolución 165/2018, de 1 de junio) de la doctrina del Tribunal Constitucional (SSTC 358/2006, 153/2007, 202/2007, y 33/2009, entre otras) que arranca de un reconocimiento abstracto o general de la legitimación de los sindicatos para impugnar las decisiones que afecten a los*



## Concello de Vigo

*trabajadores, funcionarios públicos y personal estatutario. Ahora bien, también indica dicho Tribunal que esa genérica legitimación abstracta o general de los sindicatos ha de tener una proyección particular sobre el objeto de los recursos que entablen ante los Tribunales mediante un vínculo o conexión entre la organización que acciona y la pretensión ejercitada, pues, como ya se dijo en la STTC210/1994, «la función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no alcanza a transformarlos en guardianes abstractos de la legalidad, cualesquiera que sean las circunstancias en que ésta pretenda hacerse valer».*

*También se debe tener en cuenta sobre esta cuestión la Sentencia de la Audiencia Nacional 348/2016, Sala de lo Contencioso administrativo, sección cuarta de fecha 6 de julio de 2016, que dispone: «En relación con el concepto de interés legítimo sobre el que gravita el reconocimiento de legitimación existe una acabada jurisprudencia del Tribunal Supremo, incluso referida al alcance con el que cabe reconocerla a los sindicatos en el ámbito de la jurisdicción contencioso-administrativa. Según esta jurisprudencia (por todas STS de 17 de mayo de 2005, rec. cas. 5111/2002, dictada precisamente en materia contractual), la legitimatio ad causam de la parte recurrente viene determinada por la invocación en el proceso de la titularidad de un derecho o interés legítimo que suponga una relación material entre el sujeto y el objeto de la pretensión, de manera que la estimación del recurso produzca un beneficio o la eliminación de un perjuicio que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial. Esta ventaja ha de ser concreta y efectiva. No es suficiente, como regla general, que se obtenga una recompensa de orden moral o solidario, como puede ocurrir con la mera satisfacción del prestigio profesional o científico inherente a la resolución favorable al criterio mantenido o con el beneficio de carácter cívico o de otra índole que lleva aparejado el cumplimiento de la legalidad. Así, el Tribunal Supremo ha insistido en que «la relación unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto impugnado), con la que se define la legitimación activa, comporta el que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento»». En esta línea se han pronunciado otros órganos de resolución de recursos contractuales; así el Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid en su Resolución 63/2019, de 13 de febrero, indica sobre esta cuestión que: «se debe entender que la legitimación de la organización sindical solo será admisible cuando se dé una relación directa e incuestionable con la defensa de los intereses corporativos de los trabajadores afectados». Por otro lado, el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en su Resolución 331/2019, de 29 de marzo, analiza la legitimación de una organización sindical que impugnaba -como en el presente supuesto- la adjudicación de un contrato, llegando a la siguiente conclusión: «en la regulación de la LCSP, por tanto, la legitimación de las organizaciones sindicales se reconoce exclusivamente en el supuesto de que se impute a la actuación recurrida un eventual o futuro*

*incumplimiento por parte del empresario de sus obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación”*

É dicir, as organizacións sindicais deben probar un interese en sentido propio, específico e cualificado no acto impugnado, non un xenérico de defensa dos traballadores.

Con respecto á lexitimación dos delegados de persoal e os traballadores, a Resolución 292/2012 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales reconece a lexitimación os traballadores da empresa sainte por ter recoñecida a subrogación e afectar o acto impugnado o mantemento das mesmas condicións laborais “a lexitimación que alegan las recurrentes se fundamenta en el mantenimiento de su relación laboral en los términos que actualmente disfrutan; (...) Pues bien, los intereses alegados pueden ser afectados de modo efectivo, y no solo hipotético, potencial y futuro, si se estima el recurso contra el pliego de prescripciones técnicas”.

O recorrente di ser traballador e delegado de persoal da empresa que presta actualmente o servizo.

Neste caso é indubitable que o recorrente posúe lexitimación activa, na súa cualidade de delegado sindical e traballador da empresa que presta actualmente o servizo, máxime si temos en conta que teñe recoñecido polo convenio colectivo de aplicación o dereito de subrogación, Convenio dos traballadores e traballadoras da contrata da xestión do servizo público da conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas, ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (artigo 19).

No entanto, non acredita nin a condición de traballador nin a de delegado sindical polo que non é posible recoñecerle a lexitimación activa e procedería solicitar do Tribunal a inadmisión do presente recurso.

**C) Como requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.





## Concello de Vigo

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia e enviado ó TACGAL no mesmo día, agás a acreditación da representación na que actúa, no seu caso, posto que di ser traballador e delegado de persoal da empresa que presta actualmente o servizo e non achega ningunha documentación que o acredite.

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no TACGAL en data 26 de xuño. Dado que o anuncio indicando o inicio dun novo prazo de presentación de ofertas publicouse no DOUE o día 16 de xuño de 2020, o recurso foi presentado en prazo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a inadmisión do recurso por falta de lexitimación activa do recorrente. No entanto, e por se o Tribunal acorda admitir o recurso analizaremos nos fundamentos xurídicos seguintes os motivos de impugnación esgrimidos polo Sr. Román.

**-V-**

### **Motivos de impugnación da resolución recorrida**

O escrito presentado polo Sr. Román contén dúas alegacións:

- Solicita a anulación da modificación do prego de prescricións técnicas realizada o fío dunha alegación presentada por el mesmo con relación os custes laborais por canto considera que é “claramente irregular”.
- Considera que o prezo do contrato non cubre os custes laborais por ser manifestamente inferior ó custe empresarial.

As analizaremos a continuación.

**1ª.- Anulación da modificación do prego de prescricións técnicas acordada pola Xunta de Goberno Local o 12-06-2020 (alegación 1)**

Manifesta o recorrente que o fío das alegacións presentadas por el durante o prazo de presentación de ofertas o órgano de contratación procedeu a modificar o prego de prescricións técnicas por acordo de 12-06-2020. Esta modificación consistiu, tal e como relata, *“en diminuir o número de persoas a prestar o servizo (de 6 a 4 oficiais de 2ª grupo 3), mantendo o custe do mesmo, actuación que xa demostra que vai producirse un incumprimento respecto dos dereitos laborais do persoal, pois vaiselle requirir que catro persoas fagan o traballo para o que se preveía que farían falta seis persoas. Polo que esta modificación é claramente irregular e debe ser anulada, repoñendo o número de persoas inicialmente previstas”*.

Esquece o recorrente que o empresario adxudicatario vai ter poder de autoorganización no seo do contrato, sempre e cando respecte as determinacións dos pregos. Aínda que o prego prevexa para desenvolver o contrato catro peóns, o certo é que o apartado 5.F da FEC do PCAP non esixe ningún medio nin persoal nin material mínimo. E nada obsta para que o adxudicatario empregue un número diferente de peóns se así o estima oportuno. Nin sequera é óbice para ilo que os traballadores que agora prestan o servizo teñan dereito a subrogarse. É dicir, o empresario adxudicatario do contrato, en uso do seu poder de xestión poderá organizar a prestación do servizo coos medios personais e materiais que estime pertinentes, respetando sempre os medios mínimos fixados polo prego como condición de solvencia e dos requerimientos que resulten dos pregos.

Informa a xefa axunta ó servizo xestor con relación a esta alegación que:

*“PRIMEIRO.- En relación á reclamación sobre a diminución do número de persoas a prestar o servizo mantendo o custe do mesmo, indicar que a minoración de persoal fíxose tendo en conta unha serie de axustes de condición técnica e organizativa recollidos no PPTP que foi modificado a tales efectos, de tal forma que coa carga laboral indicada posibilitase a execución das prestacións e a realización das tarefas necesarias que, en todo caso, dependerán da capacidade organizativa da empresa que resulte adxudicataria en base ao PROGRAMA DE TRABALLO presentado na súa oferta”*.

Procede, a xuízo da informante, desestimar esta alegación polas razóns expostas.

## **2ª.- Da insuficiencia do presuposto base de licitación con relación ós custes laborais para cubrir estes (alegación segunda)**

Na segunda alegación o Sr. Román pon de releve que os custes laborais previstos son insuficientes para cubrir os custes reais dos traballadores por dúas razóns:

- O convenio da empresa saínte prevé un plus tóxico e perigoso que na memoria xustificativa o desglosar os factores do custes laborais recolle por un importe inferior ó real.
- Este convenio de empresa establece unha paga extraordinaria de setembro a partir do ano 2021 que non está recollida entre os citados custes de persoal.

A memoria xustificativa deste contrato, por imperativo dos artigos 100 e 101 da LCSP, inclúe o desglose en conceptos e a xustificación do presuposto base de licitación e do valor estimado do contrato. Dispón o primeiro destes preceptos con relación ó orzamento base de licitación que:



## Concello de Vigo

*“2. En el momento de elaborarlo, los órganos de contratación cuidarán de que el presupuesto base de licitación sea adecuado a los precios del mercado. A tal efecto, el presupuesto base de licitación se desglosará indicando en el pliego de cláusulas administrativas particulares o documento regulador de la licitación los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos calculados para su determinación. En los contratos en que el coste de los salarios de las personas empleadas para su ejecución formen parte del precio total del contrato, el presupuesto base de licitación indicará de forma desglosada y con desagregación de género y categoría profesional los costes salariales estimados a partir del convenio laboral de referencia”.*

O convenio laboral de referencia, a estes efectos, non pode ser un convenio de empresa por canto o mesmo so regula a relacións entre as partes asinantes, a empresa e os seus traballadores. De ser así, quedaría o arbitro da empresa sainte a fixación dos custes laborais o que repercutiría no prezo do contrato a pagar pola Administración. E non esquezamos que é un principio xeral indubitable, tal e como se desprende da doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, que *“la Administración es un tercero respecto de las disposiciones de los convenios colectivos que rigen en el sector de la actividad objeto de licitación”* (fundamento xurídico sexto da resolución nº 315/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid). Nesta liña, manifiesta o Tribunal administrativo de recursos contractuales de la Junta de Andalucía (TARCJA) en resolución 46/2014, que resulta inadmisibile que el órgano de contratación *“tenga que fijar el valor estimado y el presupuesto máximo de un contrato en función de una cláusula de subrogación laboral impuesta en un Convenio Colectivo, y en función de los costes laborales que a tal efecto indique la empresa saliente, pues en tal caso quedaría al arbitrio de la actual adjudicataria la fijación del valor estimado y del presupuesto del contrato, al margen del criterio legalmente establecido en el artículo 88 del TRLCSP, que ordena al órgano de contratación estar al coste real del servicio en los doce meses inmediatamente anteriores a la licitación”*. E a citada resolución nº 315/2018 do TACPM, tras citar o artigo 100 da LCSP, reproducido no parágrafo anterior, aclara que *“Dicho convenio de referencia no puede ser a juicio de este tribunal un convenio de empresa, como ha señalado entre otras la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia 1128/2003 de 24 de diciembre, cuyos argumentos, si bien es anterior a la nueva LCSP resultan planamente aplicables. Así se indica en la mencionada sentencia que “(...) Pero afectando la anterior afirmación al convenio colectivo del sector, no puede decirse lo mismo del convenio de empresa, ya que las condiciones laborales y económicas que la Administración ha de imponer al nuevo adjudicatario deber ser las que se establecen en el convenio del sector, que es la norma que impone la subrogación del personal, pero no las que el anterior adjudicatario pueda haber negociado con su personal, cuyas mejoras las asume personalmente con cargo al precio del contrato”*.

A xefa axunta do servizo xestor manifesta ó respecto:

*“SEGUNDO.- Con respecto á segunda reclamación na que se indica que o prezo do contrato, trala modificación aprobada en Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2020, segue sen cubrir os custes laborais á vista do Convenio colectivo de aplicación no referente a:*

1.- plus tóxico e perigoso , débese indicar que o desglose dos diferentes conceptos aplicados para a estimación dos custes de persoal recóllese na memoria xustificativa do contrato no seu apartado 3.a “ Estimación de custes de persoal” no que se contemplan , entre outros, os epígrafes seguintes co seu correspondente importe para a totalidade do contrato:

“Custes plus convenio/operatividade de servizos” ..... 131.487,95 euros

“Outros gastos de empresa” ..... 175.252,50 euros

Estes conceptos teñen por obxecto dar cobertura aos custes dos pluses contemplados no convenio de aplicación, de acordo aos requirimentos necesarios da estrutura organizativa dos servizos, entre os que, de ser de aplicación, se atopará este “plus tóxico e perigoso” . Para a súa estimación considerouse un plus salarial a aplicar soamente a aqueles traballadores que no desenvolvemento do seu posto de traballo se atopen expostos a condicións de toxicidade ou perigosidade e durante os períodos nos que se atopen expostos, non de aplicación á totalidade da plantilla de persoal nin durante os períodos de ausencia do mesmo.

2.- Paga extraordinaria setembro: Os cálculos do salario en relación ás pagas extraordinarias se atopan realizados coa referencia do ano 2020. De acordo ao convenio de aplicación, neste ano soamente se identifican 3 pagas extraordinarias (art. 25 do convenio), polo cal a incidencia da aplicación dunha nova paga de setembro e da súa aplicación progresiva, atópanse incluídos dentro dos incrementos que, con carácter xeral, se estiman na propia memoria xustificativa do contrato, a cal contempla un crecemento anual para cada un dos cinco anos do contrato, e polo tanto, posibilita unha adecuada xestión dos custes xerais de persoal na globalidade dos cinco anos do contrato.

En calquera caso, de resultar deficitario o importe dos conceptos reclamados, na estimación dos custes de persoal se contempla o epígrafe “outros gastos de empresa” que, para os cinco anos de duración do contrato ascende á cantidade de 175.252,61 euros para facer fronte a custes imprevistos e que, de ser de aplicación, cubre sobradamente os custes laborais en concepto de “plus tóxico e perigoso” e “paga extraordinaria de setembro” que alega o recorrente”.

En consecuencia, procede desestimar esta alegación.

#### **-VI-**

#### **Conclusiones**

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso por falta de acreditación da lexitimación activa do recorrente para interpoñer o presente recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

#### **-VII-**

#### **Medidas cautelares**



## Concello de Vigo

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera convinte para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

### **-VIII- Acordo**

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar o presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(522).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTOS DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 2644/341.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 29/06/2020 e o informe de fiscalización do 30/06/2020, dáse conta do informe-proposta de data 29/06/2020, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP)
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e

pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

## ANTECEDENTES

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade (artigo 28 LCSP) asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá de data 6 de marzo de 2020, que modificou o informe de data 9 de decembro de 2019.
- Resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 9 de decembro de 2019, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación (artigo 116 LCSP).
- Anuncio de información previa realizado con data 27 de abril de 2020 no DOUE, referencia 2020/S 076-179954
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 3 de xuño de 2020, redactadas polo xefe do servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá (que modifica o de 8 de abril)
- Memoria xustificativa, de data 8 de xuño de 2020, redactada polo xefe do servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura (que corrixe ou modifica as de 3 de xuño, 20 de maio e 8 de abril).
- Informe de data 11 de xuño de 2020, do servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 18 de xuño de 2020, redactado polo servizo de Contratación.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2020, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2019 e publicado no perfil de contratante.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establécese a competencia dos concellos relativa ás actividades e instalacións culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Área segundo o acordo da Xunta de Goberno local do 20 de xuño de 2019



## Concello de Vigo

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación de servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura.

**Cuarto:** En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, a resolución de inicio asinada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

**Quinto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinados polo xefe do servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión Cultural, conformados polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá; así como o prego de prescricións administrativas particulares, subscrito pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación.

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións: a xustificación de insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración do contrato e execución da prestación (artigo 29 LCSP); o prezo, o orzamento base de licitación, (artigo 100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), a consideración dos termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables por tratarse dun servizo no que os custos económicos principais son custos laborais (artigo 102.1 e 3 LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, de acordo co establecido no artigo 156 da LCSP, e polo seu valor estimado está suxeito a regulación harmonizada.

**Oitavo:** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispón que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente corresponda emitir á Intervención Xeral en canto ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

O importe de licitación de contrato (24 mensualidades) é de 1.271.788,46 €, co IVE incluído (1.051.064,84 € sen IVE, máis 220.723,62 € correspondentes ao IVE); dos que

1.156.682,90 € corresponden a servizos de vixilancia de seguridade e 115.105,56 € a servizos de mantemento de instalacións de seguridade

Período fixo do contrato

ANUALIDADE	2020 (4 meses)	2021	2022 (8 meses)
TOTAL	211.964,74 €	635.894,23 €	423.929,49 €
Vixilancia	192.780,48 €	578.341,45 €	385.560,97 €
Mantementos	19.184,26 €	57.552,78 €	38.368,52 €

Período fixo do contrato.-

2020 (4 meses).- Financiamento do importe de licitación: 211.964,74 € (Servizo de vixilancia de seguridade: 192.780,48 € e servizo de mantemento: 19.184,26 €)

-Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 170.140,27 € -con cargo ao RC 202000007212- (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 158.226,80 € e servizo de mantemento: 11.913,47 €)

-Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 41.824,47 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 34.553,69 € e servizo de mantemento: 7.270,78 €)

2021.- Financiamento do importe de licitación: 635.894,23 €/anuais (Servizo de vixilancia de seguridade: 578.341,45 € e servizo de mantemento: 57.552,78 €). Con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

-Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 510.420,81 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 474.680,39 € e servizo de mantemento: 35.740,42 €)

-Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 125.473,42 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 103.661,06 € e servizo de mantemento: 21.812,36 €).

2022 (8 meses).- Financiamento do importe de licitación: 423.929,49 € (Servizo de vixilancia de seguridade: 385.560,97 € e servizo de mantemento: 38.368,52 €). Con cargo ao crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsas de vinculación.

- Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 340.280,54 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 316.453,59 € e servizo de mantemento: 23.826,95 €)

- Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 83.648,95 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 69.107,38 € e servizo de mantemento: 14.541,57 €)

**Décimo:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.





## Concello de Vigo

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da Área de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 3 de xuño de 2020, redactadas polo xefe do servizo de Museos e o xefe do servizo de Xestión Cultural, conformadas polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a cita da contratación, de data 18 de xuño de 2020, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 1.271.788,46 €, (un millón douscentos setenta e un mil setecentos oitenta e oito euros, con corenta e seis céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 220.723,62 € (douscentos vinte mil setecentos vinte e tres euros con sesenta e dous céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:

2020 (4 meses).- Financiamento do importe de licitación: 211.964,74 € (Servizo de vixilancia de seguridade: 192.780,48 € e servizo de mantemento: 19.184,26 €)

-Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 170.140,27 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 158.226,80 € e servizo de mantemento: 11.913,47 €)

-Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 41.824,47 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 34.553,69 € e servizo de mantemento: 7.270,78 €).

2021.- Financiamento do importe de licitación: 635.894,23 €/anuais (Servizo de vixilancia de seguridade: 578.341,45 € e servizo de mantemento: 57.552,78 €). Con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

-Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 510.420,81 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 474.680,39 € e servizo de mantemento: 35.740,42 €)

-Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 125.473,42 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 103.661,06 € e servizo de mantemento: 21.812,36 €).

2022 (8 meses).- Financiamento do importe de licitación: 423.929,49 € (Servizo de vixilancia de seguridade: 385.560,97 € e servizo de mantemento: 38.368,52 €). Con cargo ao crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsas de vinculación.

- Aplicación orzamentaria 3330.227.01.01 "Servizos de seguridade dependencias": 340.280,54 € (Servizo de vixilancia de seguridade Museos: 316.453,59 € e servizo de mantemento: 23.826,95 €)

- Aplicación orzamentaria 3321.227.01.00 "Contratación de servizos de seguridade": 83.648,95 € (Servizo de vixilancia de seguridade Bibliotecas: 69.107,38 € e servizo de mantemento: 14.541,57 €).

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(523).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez